



## Guía da fauna terrestre do Parque Nacional Illas Atlánticas de Galiza. Vertebrados.

PARQUES NACIONALES



ILLAS ATLANTICAS  
DE GALICIA

PARQUE NACIONAL



xestión de recursos naturais s.l.

**Realización:** Arcea. Xestión de Recursos Naturais S.L. [www.arcea.net](http://www.arcea.net)

**Textos:** Jorge Mouriño -agás texto "morcegos", de Francisco Arcos- (Arcea)

**Cartografía:** Javier César Aldariz (Arcea)

**Ilustracións:** Rafa Salvadores (Arcea)

**Fotografía** (páxinas): César Vidal (33,35b,36,37,38,39,41,42,43a e c,46a,48,49,53,54,55,58,59b,60,61,63,65,66,68,70a e 71), Jorge Mouriño (1,4,5,6,7,8,9,10,11,12,13,15,19a, 28, 30, 34,35a,43b,50,73,78a e c), Luís Dorado (17a e b,19b,21,22,23,24,25,26 e 27), Samuel Paz (51,57,59a,74,75 e 78b), Juan Sagardia (45,46b e 47), Pedro Galán (17c e 20), Francisco (Pipo) Sierra-Abraín e Felix Angosto (14), Juan Antonio García Pérez (31), Jesús Framil (70b) e Álvaro Barros (76).

**Dixitalización e tratamento fotografías:** Miguel Salvande (Arcea)

**Deseño gráfico:** Celia Arcos. [www.celiaarcos.com](http://www.celiaarcos.com)

# ÍNDICE

As illas do Parque Nacional	1
As illas Cíes	4
As illas Ons	6
O arquipélago de Sálvora	8
O arquipélago de Cortegada	10
A fauna do Parque Nacional das illas Atlánticas	11
Conservación da fauna	13
Como ver a fauna	15
Os anfibios	16
Os réptiles	18
Os lagartos	19
As lagartiñas	20
Os escánceres	22
As cobras	24
As aves	26
As aves mariñas	27
Os araos	31
Corvos mariños	32
Gaivotas	34
Garzas e patos	38
Limícolas	40
As rapinas	44
Curuxas	47
Pombas e rulas	48
Avenoiteiras	50
Petos	51
Cirrios e andoriñas	52
Paxaros dos cantís: o rabirrubio	53
Lavandeiras e picas	54
Paxaros de espazos abertos	56
Frinxílicos	60
Paxaros forestais	62
Merlos e tordos	66
Paxaros en paso	67
Córvidos	69
Os mamíferos	72
Insectívoros	73
Roedores	74
O coello bravo	75
Morcegos	76
Carnívoros	77
Apéndice. Listado dos vertebrados terrestres do Parque Nacional	79
Glosario	86
Para saber máis	89
Normativa do Parque Nacional	90

# AS ILLAS DO PARQUE NACIONAL

O Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galiza é o segundo de carácter marítimo-terrestre que se declara en España, acompañando nesa categoría ao arquipélago de Cabrera, nas illas Baleares. Protexe ecosistemas litorais atlánticos (rexión eurosiberiana), principalmente fondos mariños rochosos, areosos e de maërl, así como acantilados, dunas e matogueiras na parte emerxida, e áreas pequenas ou testemuñais con bosque atlántico e marisma.

O Parque foi creado no ano 2002, agrupando 8.480 ha dos arquipélagos que protexen as bocas das tres Rías Baixas máis sureñas: as illas Cíes na ría de Vigo, que xa constituían un Parque Natural desde 1980; as illas Ons na ría de Pontevedra, de propiedade pública e que xa gozaban dunha certa protección previa; e o arquipélago de Sálvora na ría de Arousa, cuxa illa principal, a illa de Sálvora, é de propiedade privada, salvo o dominio público. A estes tres conxuntos insulares sumouse o arquipélago de Cortegada, situado no interior da ría arousana, nunha posición case estuarina e próxima á foz do río Ulla; a illa de Cortegada tamén é de propiedade privada, salvo o dominio público, e se encontraba ameazada por unha urbanización. No seu conxunto, a superficie protexida polo Parque é principalmente mariña (86%).

Arquipélago	Concello	Superficie mariña	Superficie terrestre	Superficie total
Cíes	Vigo	2.658	433	3.091
Ons	Bueu	2.171	470	2.641
Sálvora	Ribeira	2.309	248	2.557
Cortegada	Vilagarcía	147,2	43,8	191
Total Parque Nacional		7.285,2	1.194,8	8.480







Todas as illas posúen un clima oceánico e submediterráneo, húmido e cálido, caracterizado por unha temperatura media anual superior aos 14°C e cun contraste térmico relativamente suave, tanto entre as temperaturas estivais e invernais como entre as diúrnas e nocturnas. Nas Cíes, a media das temperaturas máximas de xullo supera os 25°C, e xunto con Ons e Sálvora representan uns dos lugares con maior radiación solar de Galiza. As precipitacións son variábeis e oscilan entre unha media anual de 877 litros/m<sup>2</sup> nas Cíes até máis do dobre en Cortegada, contando cunha marcada seca estival de dous ou tres meses nos tres arquipélagos exteriores. Os fortes ventos, que predominan de compoñente sur no outono e inverno, e de compoñente norte na primavera e verán, achegan unha elevada salinidade, arrastrada como un orballo desde os rompentes mariños, e condicionando fortemente a vexetación.

O substrato é case todo de rocha granítica, aínda que sobre todo en Ons e Cortegada tamén se encontran sectores con rochas metamórficas, como xistos e gneises.

Visión aérea da entrada das Rías Baixas. En primeiro plano, as Illas Cíes; ao fondo, Ons e Sálvora, máis as penínsulas do Salnés e Barbanza.





# AS ILLAS CÍES

As illas Cíes son basicamente tres, de parecida extensión: a illa Sur ou de San Martiño, a do Faro e a de Monte Agudo, estas dúas últimas unidas por unha praia e un arrecife rochoso, e na actualidade tamén por un dique artificial. As tres illas destacan polas súas fortes pendentes, que descenden desde cotas superiores aos 175 m sobre o nivel do mar , culminadas no Alto das Cíes (197 m), na illa de Monte Agudo.

A vertente occidental ou oceánica é moi vertical e acantilada, con numerosas paredes e superficies rochosas intercaladas con vexetación herbácea especializada, a única que aguanta a intensa salinidade que levantan ondas, vento e rompentes. Algúns cumios e ladeiras abrigadas de poñente dan paso a matogueiras de toxos e espiñeirais de abruñeiros, que se estenden pola vertente oriental. Esta vertente descende con maior suavidade cara a unha costa máis mansa, con tramos rochosos e deliciosas praias de fina area branca, entre as que sobresaen Figueiras, Rodas e a praia de San Martiño, as tres con dunas. Hoxe en día, unha grande parte da vertente oriental das illas encóntrase ocupada por árbores exóticas e invasoras, principalmente eucalipto e acacia, pero tamén falsa acacia e piñeiro americano, así como por plantacións de piñeiros bravos. Arredor destas tres illas hai algúns illotes rochosos, entre os que cómpre mencionar a Penela dos Viños, próxima ao suroeste da illa do Faro, e o Agoeiro, Agoeira ou Boeiro, situado a pouco máis dun quilómetro ao sur da illa Sur.

Panorámica das Illas Cíes desde o alto do Balcón





# AS ILLAS CÍES



# AS ILLAS ONS

As illas Ons son dúas: a propia illa de Ons, a máis grande do Parque con 416 ha, alongada e estreita, e a Onza, redonda e moito máis pequena, situada a 600 m ao sur da anterior. O punto máis alto acádase no alto do Cucorno ou do Faro, con 128 m, no marco dunha orografía máis redondeada e chá que nas Cíes, se ben a beira occidental é algo rochosa e case toda acantilada, con algúns coídos. A vertente oriental é novamente menos abrupta, incluíndo varias praias de area (Canexol, Area dos Cans, Melide...) menores que as das Cíes, así como un total de oito barrios de vivendas, hoxe en día deshabitadas na súa meirande parte, agás na época estival. As matogueiras son maioritarias e inclúen xesteiras da xesta endémica *Cytisus insularis*, a principal xoia botánica do Parque. Apenas conta con plantacións forestais de eucaliptos, acacias e piñeiros.

A compoñente humana déixase sentir na illa de Ons, que conta con numerosos campos e aínda algúns cultivos agrícolas. Son típicas as sebes de salgueiro, que hoxe en día acadan un notábel desenvolvemento. Apenas separados da illa de Ons encóntranse o illote Centulo, no extremo norte da illa, e as insuas das Freitasas, na zona suroeste.

Vertente occidental da Illa de Ons desde a Onza







# O ARQUIPÉLAGO DE SÁLVORA

O arquipélago de Sálvora agrupa a illa de Sálvora, os illotes Sagres e un numeroso conxunto de illotes situados principalmente ao nordeste da illa de Sálvora. Entre estes destacan Noro, Herbosa e Vionta, zona de reserva e practicamente os únicos que contan con vexetación herbácea entre un complexo rosario de cons e baixos rochosos. A Vionta resulta especial, pois é practicamente toda areosa e unha grande parte da súas beiras son praias, contando con dunas fixas e unha pequena xesteira. Sagres componse de dous illotes con vexetación e numerosos arrecifes rochosos, situados todos cerca da punta Couso, extremo SW da península do Barbanza.

A illa de Sálvora conta con 212 ha, aflorando na metade sur numerosas penedías entre suaves ou moderadas pendentes tapizadas de matogueiras, espiñeirais e pasteiros de acantilado, que ascenden até os altos dos Gralleiros (77 m), centrados no sur da illa. A metade norte é moi chá, húmida e areosa, onde se encontran as praias e campos dunares de Lagos, Zafra e Os Bois, así como varios coídos e a antiga aldea de Sálvora. Na actualidade aínda pacen libres unha grea de cabalos e algúns cervos soltados polo propietario, que deben estar limitando a rexeneración da vexetación forestal, na que apenas crecen pés espallados de salgueiros e un piñeiral-eucaliptal de repoboación no leste da illa.

Faro de Sálvora con Ons ao fondo



# SÁLVORA






# O ARQUIPÉLAGO DE CORTEGADA

O arquipélago de Cortegada tamén conta cunha illa principal, a illa de Cortegada (39,5 ha), máis varios illotes situados ao oeste: Malveira Chica, Malveira Grande, Briñas e O Con, todos eles zonas de reserva. A súa posición de abrigo dentro da ría, con menor influencia de vento salino, permite un maior desenvolvemento da vexetación, que coloniza os pequenos illotes e tapiza mediante cuberta forestal a práctica totalidade de Cortegada, así como boa parte da Malveira Grande. Esta última destaca pola súa serie de vexetación, con toxeira costeira, xesteira e reboleira, un pequeno bosque de cerquiños ou rebolos que debe ser parecido aos que outrora ocuparon as valgadas abrigadas de Cíes, Ons e Sálvora.

A illa de Cortegada é moi chá (cota máxima de 19 m) e estivo habitada até comezos do século XX. Desde entón, a vexetación forestal espallouse, destacando o desenvolvemento dos loureiros que integraban as antigas sebes entre campos. Carballos, cerquiños, salgueiros e amieiros contan tamén con exemplares de grande porte, acompañados por piñeiros bravos, alén dalgúns sectores plantados con eucaliptos e piñeiros mansos.

## CORTEGADA



# A FAUNA DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS

A principal particularidade da fauna do Parque Nacional é o seu illamento con respecto á fauna doutros territorios, o que implica que a animais non voadores (ou nadadores de longas distancias) non manteñen intercambio xenético coas poboacións continentais das súas mesmas especies. Unha excepción podería ser a illa de Cortegada, que durante a marea baixa se encontra practicamente unida co continente a través dunha chaira lamacenta.

A fauna existente en todas as illas do planeta Terra reúne unhas características comúns que a diferencian da fauna dos continentes próximos. Estes aspectos teñen sido obxecto do desenvolvemento dunha teoría ecolóxica propia, recoñecida desde a publicación de **The Theory of Island Biogeography** en 1967 (MacArthur & Williamson), e varían, entre outros factores, dependendo da superficie das illas, do tempo que leven separadas do continente e da heteroxeneidade e estrutura da vexetación.

Unha das peculiaridades das faunas insulares é que constitúen comunidades máis simples, que contan con menos especies que as rexións continentais próximas. Por exemplo, os depredadores adoitan escasear e establécense menos relacións de competencia entre especies. Froito desta simplicidade, créanse unhas condicións ambientais diferentes que permiten procesos evolutivos exclusivos.

As poboacións das especies non voadoras ficaron illadas en cada illa do Parque Nacional.



Por outro lado, e como consecuencia do anterior, as illas adoitan presentar unha grande orixinalidade, cunha alta porcentaxe de endemismos. É dicir, resulta habitual que a fauna illá conte con especies e razas endémicas ou exclusivas dalgunha illa en particular.


Os arquipélagos que integran o Parque Nacional das illas Atlánticas levan separados do continente desde despois da última glaciación, cando o derretemento do xeo provocou o ascenso do nivel do mar. Aínda que parece ser que este proceso xa se repetira en varias ocasións anteriores, o último illamento aconteceu hai apenas 8.000-9.000 anos, un tempo moi curto na escala evolutiva.

Foi daquela cando as poboacións de animais non voadores, como é o caso dos anfibios, os réptiles e a maior parte dos mamíferos, foron ficando illadas, sometidas durante eses miles de anos a forzas evolutivas diferentes ás das poboacións continentais, sen existir intercambio xenético. Aínda que non se dispón de datos concretos, é previsible que nese proceso se extinguisen varios animais nos territorios illados, que desembocaría na presenza actual dun menor número de especies que nas zonas continentais veciñas. Debido ao ínfimo período de tempo que na escala evolutiva do planeta supoñen os poucos miles de anos de illamento, apenas se rexistran endemismos nestas illas atlánticas. Entre os vertebrados unicamente está descrita unha raza ou subespecie propia de lagarto arnal na illa de Sálvora, que probabelmente sexa a mesma que a que habita en Cíes e Ons. Tamén se teñen comprobado diferenzas de tamaño, morfolóxicas ou de hábitos reprodutivos, entre as poboacións insulares e continentais próximas de salamántiga común, lagartiña dos penedos, lagartiña común e furaño común, a falta de estudos xenéticos que no futuro poidan describir novos taxóns.

Xeralmente, os peixes continentais e os anfibios son malos colonizadores de illas a causa da habitual escaseza de encharcamentos e cursos de auga doce de suficiente entidade, así como pola incapacidade dos anfibios para vivir en augas salgadas. No Parque Nacional das illas Atlánticas de Galiza, a pequena superficie emerxida e o período de seca estival provocan a ausencia de ríos de suficiente entidade para albergar peixes. Aínda que a fauna piscícola sexa moi abundante no medio mariño, só se ten comprobado a existencia temporal de anguias en certos regos da illa de Ons. Pola súa parte, os anfibios son escasos, contando con só tres especies na actualidade, entre os que merece destaque a salamántiga pola súa abundancia en Ons.

Os mamíferos son tamén escasos, e unha alta porcentaxe das especies presentes foi introducida. Os réptiles encóntranse mellor representados, favorecidos polas abondosas penedías e zonas abertas, sendo a illa de Ons a de maior riqueza específica, cun total de oito especies.

As aves son un mundo aparte, pois a súa capacidade para voar permítelles que se poidan desprazar até o continente, ou mesmo realizar grandes viaxes migratorias, como é característico desta clase de animais. Certas especies, como as aves mariñas, atoparon nas illas un novo espazo onde nidificar, libre de depredadores terrestres como mamíferos carnívoros e xabaís. Constitúen colonias de cría de importancia internacional tanto de corvo mariño cristado como de gaivota patiamarela. Algunhas destas aves, ou mesmo as grallas pequenas, chegan a desprazarse diariamente até a costa continental na procura de comida, para logo volveren durmir ás illas.



Colonia de gaivota patiamarela na illa de Monte Agudo, Cíes. Ao fondo Ons.



# CONSERVACIÓN DA FAUNA

Un dos obxectivos da declaración do Parque Nacional é asegurar a conservación e recuperación dos hábitats e das especies, así como a preservación da diversidade xenética. As poboacións de animais insulares son máis sensíbeis aos cambios ambientais e á introdución de novas especies, tanto por estaren adaptadas a relacións ecolóxicas máis simples, como pola evidente limitación do tamaño, tanto da poboación da especie como da superficie insular.

Practicamente non existen datos sobre os cambios que puideron acontecer na fauna destas illas atlánticas desde a súa colonización humana, hai máis de 2.000 anos, pero puideron ser profundos, tanto pola acción directa da xente (caza, recolección de ovos, deforestación...) como pola introdución de animais como as ratas. Durante o século XX existe algunha referencia, pero non é até a década dos setenta cando se comeza a obter e publicar información sobre algunhas especies. Aínda hoxe restan por obter certos datos faunísticos básicos dalgúns grupos como os morcegos e especialmente de localidades como as illas de Sálvora e Cortegada. As illas Cíes, e en menor medida Ons, foron obxecto na última década dun maior número de estudos e inventarios faunísticos, cunha frecuencia notábel dentro do pobre contexto galego.

Durante a segunda metade do século XX aconteceron importantes cambios que provocaron a desaparición dalgunhas especies e probabelmente a colonización doutras. Cara ao ano 1950, Cíes, Ons e Sálvora estaban habitadas e eran obxecto dun intenso aproveitamento agrícola e gandeiro, con numerosos campos cultivados, moitas matogueiras rozadas ou transformadas en pasteiros e coa vexetación arbórea orixinal desaparecida. A illa de Cortegada xa fóra deshabitada en 1926. O Estado iniciou a repoboación con piñeiros e eucaliptos, que hoxe en día constitúe un problema no Parque Nacional por desprazar á vexetación autóctona, sobre todo nas Cíes, e que nos próximos anos absorberá un importante esforzo humano e económico para a súa erradicación.

A un tempo, os habitantes véronse empurrados a deixar as illas, sen servizos básicos e co pastoreo limitado, o que ocasionou o abandono de cultivos (total nas Cíes e Sálvora) e a case total eliminación da gandería. O abandono do pastoreo favoreceu a recolonización da matogueira natural, o que unido á repoboación forestal, prexudicou ao grupo dos réptiles e a certas aves como a laverca, o lagarteiro, a pomba das rochas, a choia e a gralla pequena. Mesmo provocou a desaparición desas especies nas Cíes e a extinción da perdiz no conxunto do Parque. A cuberta forestal creada xerou, á súa vez, un novo hábitat, que seguramente daquela foi colonizado polo azor, o peto real, o gabeador, as estreliñas e outros paxaros forestais.

A alteración humana dos mananciais e dos escasos encharcamentos existentes agudizan a escaseza de hábitats acuáticos, até o punto de ter provocado a extinción recente, hai aproximadamente 30 anos, de cando menos dúas especies de anfibios nas Ons: o sapo común e a ra verde; e probabelmente tamén da cobra de colar, ligada a hábitats acuáticos. A administración do espazo natural proxecta actuar recuperando hábitats de cría de anfibios.

Vencellada ao medio mariño, a que outrora fora a especie nidificante máis numerosa, o arao, deixou de criar vítima da caza, da intensificación pesqueira (novas redes de enmallado) e dos tristemente numerosos vertidos de petróleo. As colonias de Ons e Cíes ficaban na extrema da súa ampla área de distribución mundial. A última parella criou no ano 1987 na Furna dos Pesos, na punta norte das Cíes. Paralelamente, as gaivotas patiamarelas multiplicáronse, posto que xa non se recollen os seus ovos para consumo humano e proliferan novas fontes de comida como os residuos da pesca e o lixo da sociedade moderna. Os corvos mariños cristados tamén se recuperaron tras anos de intensa caza e de captura dos seus polos para os cociñar.

Araos criando nas Cíes en 1985.



Hoxe en día, tanto gaivota patiamarela como corvo mariño cristado forman colonias de importancia internacional polo número de parellas reprodutoras, o que supuxo a declaración de Cíes e Ons como dúas ZEPA (Zona de Especial Protección para as Aves), en virtude dunha Directiva europea. O Parque Nacional ten en marcha un Plan de Manexo do corvo mariño cristado e realiza anualmente a monitorización da reprodución de aves mariñas, limícolas e outras aves ameazadas, mentre algúns anos tamén avalía a invernada de aves acuáticas e mariñas.

Recentemente teñen aparecido especies exóticas, algunhas delas de carácter invasor como o visón americano, que alteran a biodiversidade orixinal a través dunha presión predadora sobre aves mariñas e quizais tamén sobre anfibios, réptiles e mamíferos. Parecidos efectos poderían causar ou ter causado animais introducidos, aínda que propios de Galiza, como o gato doméstico. Na actualidade execútanse accións de control destas especies e tamén das ratas.

A introdución de especies invasoras supón o maior problema de conservación da fauna no contexto mundial, despois da destrución de hábitats. Se ves algún animal exótico, faino saber ao persoal do Parque

# COMO VER A FAUNA

Para poder ver, sentir e gozar da beleza e da naturalidade da fauna salvaxe, cómpre coñecer un chisquiño dos hábitos das diferentes especies ou grupos de especies. E, por riba de todo, cómpre manter unha actitude permanente de respecto cara ao ritmo de vida destes animais, evitando interferir no seu comportamento, con especial atención para non provocar molestias no seu ciclo reprodutor. Se gustas da fotografía, lembra que o benestar dos animais é máis importante que unha foto. As observacións de animais no seu comportamento natural (na procura de comida, cazando, limpándose ou atraendo á parella) sempre son máis gratificantes e emocionantes que cando os vemos fuxir asustados.

En xeral, se queremos localizar fauna, non debemos ir facendo barullo nin falar alto, manteremos os sentidos alerta e evitaremos levar roupa de cores rechamantes. Os grupos de xente numerosa tampouco son favorábeis. As primeiras e as últimas horas do día, sobre todo no verán, son as mellores para observar aves e mamíferos. Finalmente, debemos respectar e non acceder ás zonas de reserva (ver mapas).

**Os anfibios** poden localizarse en mananciais e pozas de augas estancadas ou lentas, fundamentalmente os tritóns e as larvas de todas as especies. Os sapos pintos espállanse por prados durante os días húmidos e chuviosos, mentres que as salamántigas son propias de noites temperadas e húmidas: outono, principios da primavera e épocas de chuvia no verán. Teñen movementos lentos e son fáciles de ver unha vez localizados.



Latrina de excrementos de coello.

Polo contrario, **os réptiles** adoran os días de sol e móvense moi rápido, xeralmente en zonas de vexetación baixa ou rochosa. Moitas veces escoitarémolos á beira dos camiños, facendo ruído ao fuxir entre a vexetación. Sería interesante prestar atención para velos antes de que fuxan, ou ben agardar con paciencia a unha distancia prudencial até que volvan saír. O mesmo tamén é útil para os pequenos **mamíferos**, aínda que o máis habitual é que saibamos da súa presenza a través de indicios como as pegadas, os excrementos ou os restos da súa comida.

**As aves** son as máis fáciles de ver, tanto pola súa abundancia e diversidade como por confiaren no voo para fuxir a menor distancia de nós. O binóculo ou prismáticos (8 a 12 aumentos) é unha ferramenta que facilita enormemente a observación, xa que permite seguirlas a certa distancia sen alterar o seu comportamento. Para aves mariñas, acuáticas e de acantilado, resulta moi útil o telescopio (20 a 60 aumentos), que permite obter detalles a maior distancia. As aves mariñas poden verse pousadas ou voando durante as travesías en barco, en ocasións a escasos metros. Unha vez nas illas, tamén se poden ver principalmente desde puntos prominentes e a certa altura sobre o mar (30-50 metros). Algúns lugares bos para iso son os Faros da Porta e do Peito nas Cíes, o miradoiro de Fedoreto e o Burato do Inferno en Ons, ou os arredores do faro en Sálvora. Patos, garzas e limícolas vense en praias e costas rochosas baixas que teñan pedras illadas nas que descansar tranquilas, ou ben con pozas para se alimentar. Os mellores sitios son a costa entre Carracido e A Cantareira nas Cíes (principalmente no Lago), a costa entre Pereiró e O Castelo nas Ons, e os contornos de Sálvora e Cortegada.

# OS ANFIBIOS

Nas illas do Parque Nacional predominan os ambientes secos, con vexetación moi mesta e con escasos encharcamentos de auga doce, o cal non favorece a presenza de anfibios. Das 12 especies que se poden atopar na costa continental próxima ao Parque, só 3 delas están hoxe en día presentes nestas illas Atlánticas: dous urodelos ou anfibios con cola (salamántiga e tritón) e un anuro -grupo dos anfibios sen rabo e coas patas traseiras máis desenvolvidas-, o sapo pinto. As larvas de ambos os dous grupos teñen rabo pero diferéncianse con facilidade pola existencia ou non de patas, e poden observarse nalgunhas charcas.



Larva de tritón ou salamántiga

Larva de rá ou sapo

ESTES ANFIBIOS SON INOFENSIVOS E BENEFICIOSOS. COMO AO RESTO DA FAUNA, NON SE LLES DEBE MOLESTAR, ESTANDO SEVERAMENTE CASTIGADA A SÚA MORTE INTENCIONADA

		Cíes	Ons	Sálvora	Cortegada
Salamántiga común	<b>Salamandra salamandra</b>	●	●	○	
Tritón común	<b>Triturus boscai</b>		●	●	
Sapo pinto	<b>Discoglossus galganoi</b>	●	●	●	●
Rá verde	<b>Rana perezi</b>		●		
Sapo común	<b>Bufo bufo</b>		●		

○ = posíbel; ● = raro; ● = escaso ou pouco común; ● = frecuente ou abundante; ● = extinto.

O estado de conservación dos anfibios no Parque Nacional das Illas Atlánticas é deficiente, agás en Sálvora. En Cíes e Ons hai evidencias da súa rarefacción, onde desaparecen dalgunhas illas debido á destrución de hábitats provocada pola eucaliptización e á degradación ou inapropiada urbanización de fontes e zonas húmidas. A este respecto, o Parque Nacional proxecta actuacións destinadas a recuperar os hábitats dos anfibios.



O **tritón ibérico** é menor que a salamántiga (máx. 8-10 cm), de cor parda escura e característico ventre vermello ou laranxado, con lunares negros. Pasa un período do ano na terra e outro na auga, onde se reproduce, pon os ovos e onde se desenvolven as larvas.



O tritón ibérico e o sapo pinto son especies endémicas ou exclusivas da metade occidental da Península Ibérica



O **sapo pinto** é o único anuro (grupo das ras e os sapos) que vive actualmente nestas illas Atlánticas, ligado a herbeiras húmidas e a charcas onde se reproduce. Semella máis unha ra que un sapo. Chega a medir 7 cm, é de cor castaña e no dorso ten manchas máis escuras ou ben bandas aclaradas.

Inofensiva e aliada da agricultura



Femia adulta grávida do Cucorno, Ons

A **salamántiga común** ten cor negra con grandes manchas amarelas e unha lonxitude de até 15 cm, dos que pouco menos da metade é rabo. Aliméntase de insectos, miñocas e lesmas e presenta hábitos terrestres e nocturnos, especialmente cando chove e hai humidade.

Estas poboacións insulares teñen dúas características propias que as diferencian do resto das poboacións da costa continental de Galiza, todas da subespecie *S. salamandra gallaica*.

- Son vivíparas, isto é, en vez de pór ovos na auga, dos que nacerían larvas que logo se metamorfosean en adultos, paren as súas crías xa metamorfoseadas.
- Teñen un deseño de cores particular, tendente ao melanismo, con poucas manchas amarelas e tons arrubiados na cabeza.



# OS RÉPTILES

Ao contrario do que acontecía cos anfibios, a abundancia de horas de sol, de penedías e de matogueiras secas, características das illas do Parque Nacional, constitúe un ambiente óptimo para diversos réptiles. Están representadas 9 especies das 15 existentes nas Rías Baixas: o lagarto arnal, dúas lagartiñas, tres escánceres e tres cobras.

		Cíes	Ons	Sálvora	Cortegada
Lagarto arnal	<i>Lacerta lepida</i>	●	●	●	●
Lagartiña común	<i>Podarcis bocagei</i>				●
Lagartiña dos penedos	<i>Podarcis hispanica</i>	●	●	●	
Escáncer común	<i>Anguis fraguilis</i>	●	●	●	●
Escáncer de patas común	<i>Chalcides striatus</i>	●	●	●	●
Escáncer de patas ibérico	<i>Chalcides bedriagai</i>	●	● ?		
Cobra lisa meridional	<i>Coronella girondica</i>	●	●	●	●
Cobra de escada	<i>Elaphe scalaris</i>		●		
Cobra viperina	<i>Natrix maura</i>	●	●		
Cobra de colar	<i>Natrix natrix</i>	● ?	● ?		

● = raro; ● = escaso ou pouco común; ● = frecuente ou abundante; ● = extinto.

Todos estes réptiles son diúrnos agás o escáncer común e a cobra lisa, que teñen actividade nocturna. En xeral hibernan entre novembro e febreiro, e están activos o resto do ano, especialmente nos días quentes, aínda que o escáncer común e as lagartiñas tamén se poden observar en días soleados do inverno.

TODOS OS RÉPTILES, INCLUÍDAS AS COBRAS, SON INOFENSIVOS E BENEFICIOSOS. COMO AO RESTO DA FAUNA, NON SE LLES DEBE MOLESTAR. A SÚA MORTE INTENCIONADA ESTÁ SEVERAMENTE CASTIGADA

# OS LAGARTOS

Unha subespecie exclusiva destas Illas Atlánticas

O **lagarto arnal** é grande (40 cm incluído o rabo, que supón máis da metade da lonxitude do animal), de cor verdosa alternada con tons negros, cabeza grande e corpo robusto, sobre todo nos machos. Nos costados luce uns característicos lunares azuis. Os exemplares novos son máis pequenos, escuros e con lunares claros no dorso.

Acostuma tomar o sol en penedías entre matogueiras ou ben en muros de pedra, os seus hábitats preferidos, podéndose ver nos camiños pedregosos ou nas súas proximidades. Procura refuxio en matogueiras, baixo penedos ou en grandes fendas das rochas. A comezos do verán, as femias poñen de 7 a 16 ovos en niños soterrados, dos que nacerán as crías no comezo do outono. Aliméntase principalmente de insectos e caracois.

Na illa de Sálvora describiuse unha subespecie ou raza de lagarto arnal, endémica desta illa, *Lacerta lepida oteroi*, que probablemente sexa a mesma que habita en Cíes e Ons, con diferenzas morfolóxicas, dentarias e xenéticas con respecto á raza continental (*L. lepida iberica*), presente tamén en Cortegada. As poboacións de Ons sofren un alarmante declive nos últimos anos.



Xoven lagarto arnal

# AS LAGARTIÑAS

As lagartiñas son pequenas, de tons verdosos e castaños, diferentes segundo o sexo e a especie. Aliméntanse sobre todo de insectos e de arañas.

A **lagartiña dos penedos** é o réptil máis común en Cíes, Ons e Sálvora, e o único que vive nos illotes deste último arquipélago (Noro, Herbosa, Vionta e Sagres). Os machos son moi variábeis, alternan cores pardoverdosas e negras, mentres que as femias son máis pequenas, castañas cun raiado claro, e os exemplares novos posúen unha rechamante cola azulada.

A lagartiña dos penedos é amante do calor e está moi vencellada ás rochas, adaptada a gabear por elas, así como polas penedías e muros de construcións humanas, refuxiándose mesmo en estreitas fendas. Pon de 2 a 5 ovos entre abril e xullo, as femias máis grandes chegan a efectuar até tres postas.

Por mor do illamento, existen recoñecidas diferenzas corporais entre as poboacións das diferentes illas e as lagartiñas dos penedos da costa continental próxima. Por exemplo, a lonxitude desde o fociño até a cloaca dos machos varia desde unha media de 68,6 mm en Noro (Sálvora) aos 53,6 mm nas Cíes -as únicas semellantes ás poboacións continentais-, con valores intermedios en Ons (58 mm). As lagartiñas comúns de Cortegada e Malveira Grande tamén son máis grandes que as continentais.

Diferentes deseños na coloración dos machos das lagartiñas dos penedos.



No Parque Nacional, a **lagartiña común** só aparece no arquipélago de Cortegada. Ten liñas dorsolaterais claras e continuas no dorso, co ventre amarelo ou rubio, a diferenza da lagartiña dos penedos, no que é branco. As femias locen o dorso castaño, mentres que o dos machos, que son maiores, é sempre verde.

Chega a poñer até 7 ovos, entre maio e xullo. Os exemplares novos nacen entre xullo e setembro. Habita nas matogueiras, nas herbeiras, nas zonas rochosas, nos muros e nos claros do bosque. Trátase dunha especie endémica do extremo noroeste ibérico.



Lagartiña común  
macho e femia.




# OS ESCÁNCERES

No Parque Nacional encóntranse as tres especies de escánceres existentes na Península Ibérica. Son lagartos que no seu proceso evolutivo perderon as patas ou as teñen moi atrofiadas (escánceres de patas), podendo desprender a cola cando se senten ameazados.

Aliméntanse de insectos e arañas, e de lesmas, caracois e miñocas no caso do escáncer común. Son vivíparos, parindo a mediados do verán 2-4 crías, até 7 o escáncer de patas común e entre 3 e 12 o escáncer común.



Escáncer de patas ibérico



Escáncer de patas común



Escáncer común

As poboacións de Cés e Ons  
están catalogadas  
En Perigo de extinción



O **escáncer de patas ibérico**, endémico da Península Ibérica, é o que ten o corpo relativamente máis grosso e curto, até 9 cm descontando a cola, con dorso e laterais pardo brillante (máis claro nos exemplares novos) e patas de cinco dedos. Habita dunas e matogueiras soleadas e abertas, onde é difícil de ver xa que vive debaixo das pedras ou da area. En Galiza é moi escaso.



O **escáncer de patas común** ten só tres dedos, é moi longo, até 16 cm sen cola e 32 con ela, e no corpo ten un deseño estriado con case unha dúzia de liñas escuras.

Habita matogueiras baixas e pasteiros, sendo común nos cantís, sempre en zonas abrigadas e soleadas.

O **escáncer común** ten o corpo longo como unha cobra, chega a medir até 45 cm e acada unha lonxitude máxima de 20 cm sen sumar a cola. Mostra unha cor castaña brillante cos laterais anegrazados, máis escuros nas femias; os xuvenís son máis dourados.

Encóntrase en cantís, dunas e zonas arboradas, pero principalmente en matogueiras e pasteiros, xeralmente en lugares máis húmidos que os escánceres de patas, facendo vida xeralmente baixo terra.





# AS COBRAS

Malia a súa mala fama, as tres especies de cobras que habitan as illas do Parque Nacional son inofensivas e ademais fuxirán ante a nosa presenza. Por efecto do illamento, nestas illas acadan unhas lonxitudes superiores ás habituais no continente. Segundo a especie, poñen entre 4 e 15 ovos a principios do verán, baixo a terra ou as pedras. As crías nacen un mes e medio ou dous meses despois.

ESPECIES INOFENSIVAS E BENEFICIOSAS. NON SE DEBEN MATAR. A SÚA MORTE INTENCIONADA ESTÁ PENADA



A **cobra lisa meridional** é unha especialista na captura de lagartiñas e escánceres, dos que se alimenta. Chega a superar os 80 cm (normalmente 60 cm) e ten unha característica liña negra entre o ollo e o pescozo, ás veces até o nariz. Vive en matogueiras soleadas, moi ligada ás penedías.



A **cobra de escada** é a maior das tres, acadando 135 cm, aínda que o normal é que non supere o metro. Posúe unha cor castaña arrubiada, con dúas liñas escuras paralelas no dorso, que nos exemplares novos están unidas por numerosas liñas perpendiculares a modo de escada, de aí o seu nome.

Encóntrase en hábitats abertos variados, sempre con boa exposición ao sol, principalmente en matogueiras con rochedos e en cultivos, onde acode a comer ratas e ratos, as súas presas favoritas. Deféndese bravamente, tentando trabar (sen veneno) se se ve acurrallada.



A **cobra viperina** é unha cobra de auga que nestas illas vive principalmente en rochedos litorais e charcas mareais, onde vai pescar pequenos peixes, chegando a nadar no mar. Na Onza mediuse o maior exemplar coñecido en España, de 1,02m de longo, aínda que o normal é que acade 65-85 cm. O deseño dorsal en zigzag e a súa actitude de defensa achatando a cabeza, fan lembrar ás víboras, como indica o seu nome, aínda que é inofensiva.





# AS AVES

As aves son os vertebrados terrestres con maior número de especies, e as illas non son excepción. En función do uso estacional que fan das illas e das augas mariñas próximas, podemos agrupar as aves que habitan o Parque Nacional nas seguintes categorías:

- **Aves sedentarias:** fican todo o ano no Parque, onde a maioría se reproduce na primavera e no verán. Algunhas fan movementos dispersivos, normalmente individuos xuvenís e a pouca distancia. Bos exemplos son a gaivota patiamarela, o miñado ou o merlo.
- **Aves estivais:** só residen no Parque durante primavera e verán, onde a meirande parte acode a nidificar desde os seus cuarteis de inverno africanos, caso do andoriño ou da lavandeira amarela.
- **Aves invernantes:** non se reproducen nas illas, senón que chegan a pasar a época do ano desfavorábel (outono e inverno), xeralmente procedentes de localidades máis norteñas. Como exemplos pódense citar o corvo mariño grande e a pica dos prados.
- **Aves en paso migratorio:** Nin fican durante a época invernal nin durante a época estival, senón que só son vistas no período no que duran as súas migracións, na primavera e sobre todo no outono, xeralmente durante un ou dous meses: o pilro común ou os papamoscas comparten esta pauta.

Ademais, sempre existe a posibilidade de que aparezan especies que se presentan de forma accidental ou ocasional, desorientadas nas súas viaxes migratorias ou movementos dispersivos, chegadas mesmo desde puntos tan afastados como Siberia ou Norte América. Este é o motivo polo que no Parque Nacional se teñen visto aves como a cegoña negra, o abutre branco ou o cruzabico. Finalmente, a proliferación de especies exóticas, ben asilvestradas ou ben escapadas da cativeira, tamén permite a posíbel observación de aves como a cotorra de Kramer ou as minás, orixinarias de África e da India.

# AS AVES MARIÑAS

As illas son os lugares preferidos polas aves mariñas para criar: isto non é capricho, xa que estas aves viven e procuran alimento no mar e xeralmente só acoden a terra o tempo imprescindible para nidificar, onde normalmente son torpes. Neste período son moi vulnerábeis e evitan os lugares aos que poidan ter acceso depredadores terrestres.


No Parque Nacional das illas Atlánticas, onde crían corvo mariño cristado, gaivota escura, gaivota patiamarela e paíño pequeno, non hai carnívoros como raposos, xenetas ou fúíñas, nin tampouco porcos bravos, que depredarían os ovos, os polos ou mesmo as aves adultas. De aí que sexa un perigo a introdución de animais nestes ecosistemas insulares, en particular carnívoros terrestres, incluídos gatos e cans de procedencia doméstica, e que a chegada do visón americano estea facendo estragos nalgunhas colonias. O pequeno paíño está mesmo moi limitado polas ratas.

Durante anos, a recollida de ovos de gaivota e de polos de corvo mariño para consumo humano, desprazou as zonas de nidificación destas aves cara aos acantilados máis inaccesíbeis á xente. Hoxe en día, pasaron os tempos da fame e estas aves crían maioritariamente en ladeiras, onde pasan a ser máis vulnerábeis a hipotéticos depredadores.



Gaivotas patiamarelas e corvos mariños cristados, adultos e inmaturos, no Noro (Sálvora).

Dependendo da época do ano, nas augas arredor das illas ou nas travesías en barco podemos ver pardelas, mascatos e araos, e en ocasións tamén palleiras e paíños. Todas elas son aves mariñas peláxicas, pasan a súa vida no mar, e acoden a terra só para nidificar. Tamén resulta habitual observar carráns, catro especies de gaivotas e dúas de corvo mariño, que teñen hábitos máis litorais e posúan en praias e costas rochosas para descansar. En xeral, son aves lonxevas –viven moitos anos- que crían poucos polos cada ano e mesmo resolven non criar cando non hai condicións favorábeis.



## Pardelas

Son grandes planadoras que acostuman a voar penteando as ondas, a rente das augas, pescando na superficie do mar ou mediante breves mergullos. Teñen alas longas e apuntadas (ver páx. 30).

## Paíños

Os máis pequenos do grupo das aves mariñas, de tamaño aínda menor que o dun merlo, tamén negros mais coa rabadilla branca. Voan e planan moi rápido sobre as ondas, agás cando se alimentan, momento no que parece que andan sobre o mar.

Unha colonia de paíño pequeno foi descuberta aínda nos anos noventa criando nun minúsculo illote rochoso incluído no Parque Nacional, o único lugar onde se manteñen a salvo das ratas. Como outras aves mariñas peláxicas, vive e come no mar, e na época de cría (xuño-outubro) achégase pola noite aos illotes, poñendo un único ovo sobre a rocha, no interior de estreitas fendas ou buratos, polo que semella unha pantasma. O polo chega a pesar o dobre dos adultos, e cando estes o deixan de alimentar, perde peso e abandona a colonia, aos dous meses de vida.

## Mascatos


As aves mariñas máis grandes de Europa, tamén planadoras aínda que adoitan voar máis alto, desde onde se lanzan ao mar para pescar en espectaculares picados, coas alas pregadas. Destacan as alas puntiagudas e o pescozo, a cabeza e o peteiro grandes (ver páx. 30).

## Corvos Mariños

Negros con brillos metálicos verdosos e peteiros fortes e ganchudos. As aves inmatargas presentan tons máis castaños, aclarados en gorxa, peito e ventre. Pousan en posición ergueita nas rochas, voan rápido e dereito, co pescozo estirado e as alas atrasadas, coma os patos. Aliméntanse mergullando desde a superficie da auga, onde nadan mantendo unha liña de flotación baixa (ver páx. 32-33).



Paíño pequeno nidificando no Parque Nacional



## Gaivotas

Oportunistas, pouco especializadas, xeralmente robustas e de peteiros fortes. As adultas teñen plumaxe branca agás na parte superior das alas e dorso, mentres que as aves novas son acastañadas (ver páx. 34-37).

## Carráns

Pequenos e emparentados coas gaivotas; de plumaxe maioritariamente branca. Porén, son grandes pescadores de peixe moi pequeno, que capturan do mesmo xeito que os mascatos, tirándose en picado sobre o mar, polo que dispoñen dun pico fino e afiado. As alas son puntiagudas e o rabo longo, habitualmente en forma de forquilla.

O máis frecuente é o carrán patinegro, o maior das especies que se poden observar na zona e a única co peteiro negro, coa punta amarela. Resulta fácil atopalo pescando nas praias e peiraos durante as migracións (sobre todo marzo-abril e agosto-setembro), e é o único que se pode ver no inverno. Os carráns común e ártico, ambos de peteiro e patas vermellas, e o carrán pequeno, inconfundibel polo seu tamaño e por peneirar no aire, son visíbeis nos pasos migratorios, sobre todo cando hai temporais do oeste que os empurran cara à terra e os levan a procurar refuxio nas rías. Finalmente, a gaivina negra é rara entre setembro e outubro, ten o dorso escuro e non adoita pescar con picados, senón baixando oblicuamente sobre a superficie do mar.

## Palleiras

Aves mariñas robustas de hábitos piratas, que acosan outras especies para que solten as presas que capturaron, roubándolles o alimento. Deste típico comportamento derivan nomes que reciben dos pescadores galegos, como mallóns, merdeiros ou cagarruteiros. As plumaxes son variábeis, xeralmente escuras, con alas aguzadas e rabo longo.

As palleiras parasita e pomarina practicamente só se ven os días de temporais en setembro e outubro, cando os carráns aos que piratean entran nas rías na procura de refuxio. A palleira grande, do tamaño da gaivota patiamarela, escura e con características manchas brancas debaixo das alas, pódese observar escasa, a finais do verán e no outono-inverno. Cleptoparásita aves maiores como gaivotas e pardelas.

## Araos

Ao contrario que as anteriores aves mariñas, son moito máis nadadores e permanecen moito tempo sobre a superficie da auga (de aí que sexan os máis afectados polas mareas negras), desde onde mergullan para capturar peixes. A plumaxe alterna cores brancas nas partes inferiores con escuras nas superiores, e cando voan o fan rápido, a rente da auga, cun voo dereito e batendo as curtas alas deseguido (ver páx. 31).

Entre os meses de abril e novembro é relativamente fácil ver **pardela cincenta** e **pardela balear**. A primeira é máis grande (case como unha gaivota patiamarela), de tons máis claros, e voa con moitas menos batidas de alas que a pardela balear. De cerca, destaca o ton amarelo do peteiro da pardela cincenta, sendo anegrazado o da balear.


O peteiro das pardelas é ganchudo, como o dos paíños e outras especies da mesma orde (albatros, petreles...), e ten una protuberancia na base onde se abren os orificios para respirar.

A pardela balear é unha ave especialmente ameazada de extinción. Na actualidade só crían unhas 2.000 parellas nas illas Baleares e no verán desprázanse ao Atlántico para aproveitar os cardumes de peixes peláxicos. A ría de Pontevedra, incluído o contorno de Ons (principalmente os arredores da Porta), é lugar habitual de concentracións de centos ou mesmo miles de exemplares, que con menor frecuencia tamén se poden detectar nos arredores de Cíes e Sálvora, o que converte ao Parque Nacional e ao seu contorno nunha zona importante para a conservación desta especie. Outras dúas especies, a pardela escura (que cría cerca do Antártico) e o furabuchos atlántico, tamén poden ser vistas nos arredores do Parque pero son máis raras .



Os **mascatos** adultos son brancos cos extremos das alas negros. Os xuvenís do ano son totalmente castaños, mentres que os inmaturos (até 6 anos de idade) van progresivamente incorporando a plumaxe branca.

Os mascatos crían no Atlántico norte e invernan maioritariamente no Banco Sahariano, aínda que non é raro observalos nesa época en Galiza. No Parque Nacional, especialmente en Sálvora, resulta moi visíbel a súa migración cara ao norte, entre xaneiro e febreiro; durante a primavera e o verán é habitual observar inmaturos, e a partir de agosto, os primeiros xuvenís e adultos, que regresan cara ao sur.





# OS ARAOS

Nas augas que circundan o Parque Nacional das illas Atlánticas son habituais, pero escasas, dúas especies de araos, o arao común e o carolo, mentres que o arao papagaio é máis raro, sempre cara ao mar afora. O carolo mesmo pode ser visto desde terra, nadando ou mergullando próximo á costa.

Mergullan até 100 m de profundidade na procura de peixes



Carolo en inverno



Arao en inverno



Arao en plumaxe de cría



Arao papagaio adulto en inverno

Aínda que o arao papagaio é unha carta parte menor que os outros dous, as tres especies diferéncianse ben polo peteiro: cónico e afiado no caso do **arao**, máis curto e achatado lateralmente no **carolo**, e grande e colorido no **arao papagaio**. Na plumaxe estival, arao e carolo teñen toda a cabeza anegrazada, mentres que no inverno as meixelas, a gorxa e o pescozo son de cor branca.



A mediados do século XX, o **arao** era a ave mariña nidificante máis numerosa, criando en certas furnas das Cies e Ons. Hoxe en día está aquí extinguida como reprodutora desde 1987, no entanto é moi numerosa no norte de Europa, chegando no inverno exemplares procedentes das illas Británicas, principalmente aves novas do ano. A acción combinada da caza abusiva, a contaminación petrolífera (mareas negras) e a mortandade en trasmallos e outras artes de enmalle, é o probábel motivo deste proceso.

# CORVOS MARIÑOS

O Parque Nacional das Illas Atlánticas destaca por acoller a maior parte dos **corvos mariños cristados** que nidifican en España, principalmente nos arquipélagos de Cíes e Ons. Pero é que ademais tamén son importantes internacionalmente, posto que as máis de 2.000 parellas que crían na actualidade, supoñen case o 3% da súa poboación mundial, distribuída polo Atlántico europeo e o Mediterráneo.


Os corvos mariños da illa do Faro (Cíes) teñen sido moi estudados nos últimos anos, grazas ao cal se puideron comprobar algúns dos efectos do vertido do Prestige, que provocou un descenso da poboación e peores condicións de reprodución (as aves crían menos descendencia), debido á diminución da súa presa favorita, os bolos, uns peixes propios de fondos areosos.

A principal ameaza para a supervivencia desta especie son os trasmallos, redes que se calan en zonas pouco profundas onde se alimentan os corvos mariños, e nas que fican atrapados e morren afogados.

Os corvos mariños cristados son fáciles de ver durante todo o ano, pousados en cons e cantís, que adoitan ficar brancos polos cúmulos de excrementos. Tamén se observan voando a rente do mar ou nadando e mergullando, mesmo cerca das praias e portos. Na costa oriental de Cíes e de Ons é habitual que se xunten centos de corvos mariños en bandos apertados, mergullando onde se concentran cardumes de peixes; estas agrupacións reciben o nome local de ralleiras.

		Cíes	Ons	Sálvora	Cortegada
Corvo mariño cristado	<i>Phalacrocorax aristotelis</i>	●	●	●	
Corvo mariño grande	<i>Phalacrocorax carbo</i>	●	●	●	●

● = frecuente ou abundante



Corvo mariño grande



Corvo mariño cristado

Os **corvos mariños cristados** son totalmente negros coas comisuras do peteiro amarelas. Desde novembro, cando os machos comezan a defender territorio para o niño e se forman as parellas, locen unha crista de plumas na cabeza a modo de ornamento. As aves novas, e até os dous anos de idade, son castañas co ventre claro e as patas amarelas, podéndose diferenciar as aves nadas no ano daquelas nadas nos dous anos anteriores.

Crían nos cantís, en fendas ou baixo grandes pedras, normalmente entre febreiro e xullo. Poñen 2 ou 3 ovos que incuban durante un mes e crían os polos aproximadamente en mes e medio.

As colonias do Parque Nacional reúnen unha parte importante da súa poboación mundial



Desde agosto é habitual a presenza do **corvo mariño grande**, maior que o cristado e de cabeza máis voluminosa. Con vento favorábel acostuma a voar a maior altura, mesmo cruzando por riba das illas. Na plumaxe nupcial, que exhibe desde xaneiro ou febreiro, ten plumas brancas na cabeza, na gorxa e no costado.

Antes de abril marcha a criar ao centro e ao norte de Europa. Aquí só fican algúns inmaturos, de plumaxe parda e normalmente cunha maior extensión de tons claros que os corvos mariños cristados inmaturos, chegando a ser case brancos no peito e no ventre.





# GAIVOTAS

As gaivotas son as aves máis numerosas e fáciles de ver no Parque Nacional. Míranse por todo o perímetro das illas e nas augas próximas, e durante a época de cría (abril a agosto) ocupan a meirande parte dos acantilados. Tamén visitan os portos e outras zonas humanizadas para aproveitar desperdicios ou roubar comida. Aínda que normalmente imos ver gaivotas patiamarelas, tamén é probábel observar algunhas especies máis.

		Cíes	Ons	Sálvora	Cortegada
Gaivota chorona	<i>Larus ridibundus</i>	●	●	●	●
Gaivota cabecinegra	<i>Larus melanocephalus</i>	●	●	●	●
Gaivota escura	<i>Larus fuscus</i>	●	●	●	●
Gaivota patiamarela	<i>Larus michahellis</i>	●	●	●	●
Gaivotón	<i>Larus marinus</i>	●	●	●	●
Gaivota tridáctila	<i>Rissa tridactyla</i>	●	●	●	

● = raro; ● = escaso ou pouco común; ● = frecuente ou abundante.

A gaivota patiamarela ten aquí as súas maiores colonias, un 10% da súa poboación mundial

A **gaivota patiamarela** é branca co dorso e a parte superior das alas de cor prateada, e as plumas das puntas de cor negra con espellos brancos. Patas e peteiro amosan unha cor amarela, cunha puntiña vermella no peteiro.

A gaivota patiamarela ten nestes arquipélagos as súas principais localidades de cría do planeta, que reúnen máis de 30.000 parellas reprodutoras, case un 10% do total da poboación mundial. Fai niños en todas as illas menos en Cortegada, onde só nidifican unhas poucas na Malveira Grande. O resto do ano, unha parte destas gaivotas permanece nos arredores das illas, mentres que outras se espallan por toda a costa galega, norte de Portugal e mesmo Asturias, comezando desde xaneiro a reocupar os acantilados aos poucos.



A **gaivotas escura** é moi parecida á patiamarela, pero co dorso e a parte superior das alas máis escuro, da cor da lousa. Algunhas parellas crían entre as gaivotas patiamarelas, principalmente na illa de Sálvora. Aparece máis frecuente nos pasos migratorios (marzo-maio e agosto-outubro), cando en ocasións decenas delas se encontran repousando nas praias. Aínda que máis escasa, tamén é vista durante todo o inverno.

Gaivotas escuras e patiamarelas poñen 2 ou 3 ovos a finais de abril e durante maio, en niños feitos no chan, entre penedías ou vexetación baixa dos cantís. Os polos nacen un mes despois e xa camiñan polas proximidades dos niños ás poucas horas, completando o seu crecemento aproximadamente en mes e medio. Por norma xeral, as gaivotas escuras comezan a reprodución uns días despois que as patiamarelas.

A demografía natural destas gaivotas provoca que máis da metade das aves novas morra no seu primeiro ano de vida. Moitas morren nos meses seguintes a abandonar o niño e se independizar, polo que a finais do verán resulta habitual atopar cadáveres ou velas debilitadas nas praias e nos camiños. Dado que se trata de especies non ameazadas, cómpre deixar que a natureza siga o seu curso.

As gaivotas patiamarelas e escuras gustan de seguir aos pesqueiros para comer os descartes, isto é, aqueles restos e capturas que non se aproveitan comercialmente e son tirados pola borda. Non son pescadoras especialistas, pero desenvólvense ben tanto na auga como en terra ou voando. Na época de cría capturan moitos patexos, uns caranguexos que viven mar afora e que nesas datas acoden desovar á costa.



De esquerda a dereita, gaivotas patiamarela adulta, gaivotas escura adulta e exemplar inmaturo



O **gaiivotón** destaca polo seu tamaño superior á gaiivota patiamarela e á escura. Está dotado cun peteiro semellante pero máis forte, e o dorso e a parte superior das alas son aínda máis escuros que na gaiivota escura. Ademais, os adultos son fáciles de diferenciar polas súas patas rosas.

O gaiivotón é un visitante invernal que está en expansión. En Galiza criou por vez primeira no ano 2005, polo que non sería de estrañar que pronto aniñase algunha parella no Parque Nacional, sobre todo en Sálvora, onde é máis numerosa e se ve todo o ano.

Todas estas gaiivotas son aves lonxevas, que demoran 3-5 anos desde que nacen até que se comezan a reproducir. Neses anos dise que son inmaturas, adoptando plumaxes máis pardas, coas patas de cor carne e o peteiro negro ou rosáceo. Aínda que existe certa variación, cada ano de idade inmadura corresponde cun deseño de plumaxe, a cada paso máis parecido ás adultas.

A mancha vermella do peteiro dos adultos sérvelles aos polos das gaiivotas para peteirar nela co fin de que lles dean de comer, estimulando á regurxitación da comida que os adultos inxeriron. Este comportamento pódese ver facilmente cun pouco de paciencia, nas zonas de acceso permitido nos acantilados onde crían.



Gaiivota patiamarela inmadura no seu primeiro inverno, anelada para o estudo da poboación.

Se les ou atopas algunha anela, avisa ao persoal do Parque.



Bastante máis pequena, a **gaivota chorona** só se ve no inverno, cando aproveita os descartes dalgúns barcos ou repousa na proximidade dos peiraos. Ten patas e peteiro vermellos e a punta das alas con plumas negras e brancas. Nos últimos invernos detéctase con maior asiduidade a **gaivota cabecinegra**, moi parecida á chorona pero máis robusta, co peteiro máis groso e a punta das alas totalmente branca.

Nos portos e esteiros das Rías Baixas, as gaivotas choronas son aves comúns, que se comezan a ver desde finais de xuño até abril. Na primavera, antes de retornar ás súas colonias de cría, as adultas locen un capuchón de plumas achocolatadas, que é máis negro nas cabecinegras.

Gaivotas choronas en plumaxe invernal, cun virapedras diante



Por último, a **gaivota tridáctila** é unha das gaivotas máis numerosas do mundo, de hábitos exclusivamente mariños e boa pescadora. É máis pequena e ten o peteiro amarelo máis fino que a patiamarela, sen mancha vermella. As patas e as plumas da punta das alas son totalmente negras. Pode verse no inverno en augas na proximidade das illas, sobre todo na vertente oeste. Outras especies que se teñen visto no Parque Nacional son a **gaivota arxétea** e a **gaivota polar**.



# GARZAS E PATOS

As garzas son aves que pescan ao axexo en augas pouco profundas, grazas ás patas e ao pescozo longos, con peteiro forte e aguzado para capturar peixes. Ningunha especie cría no Parque Nacional, pero durante practicamente todo o ano poden ser observadas garzas cincentas e garzotas en costas rochosas baixas, praias e lagoas, sobre todo entre agosto e abril.

		Cíes	Ons	Sálvora	Cortegada
Garza cincenta	<i>Ardea cinerea</i>	●	●	●	●
Garzota	<i>Egretta garzetta</i>	●	●	●	●
Lavanco	<i>Anas platyrhynchos</i>	●	●	●	●
Pentumeiro	<i>Melanitta nigra</i>	●	●	●	

● = raro; ● = escaso ou pouco común; ● = frecuente ou abundante.

A **garza cincenta** ten plumaxe cinza e é máis grande que a **garzota**, a cal é toda branca cuns rechamantes pés amarelos.

Ademais, durante a migración, sobre todo en agosto, algúns anos téñense observado cegoñas brancas nas Ons.



Garza cincenta



Garzota

Os patos ou anátidas non son habituais nestas illas Atlánticas. Algúns exemplares dunha especie de pato mariño, o **pentumeiro**, descansan nas súas migracións nas costas do Parque Nacional, case sempre na proximidade das praias, onde se mergullan na procura de alimento. Os machos son negros co peteiro amarelo e unha protuberancia na base, mentres que as femias son pardas coa cara máis aclarada.

Porén, fronte á cara exterior ou occidental de Cíes, Ons e Sálvora, existe un intenso fluxo migratorio de pentumeiros que abrangue miles de individuos, que se dirixen cara ao sur entre agosto e novembro, e cara ao norte en marzo e abril. Con binóculo ou telescopio poden ser vistas bandadas de decenas deles en fila ou en V, á rente do mar.



Entre marzo e xuño aparecen algúns **lavancos** ou patos reais emparellados no Lago das Cíes e na costa de Canexol en Ons, que chegan a aniñar. En Cortegada vense durante todo o ano. Os machos son moito máis vistosos que as femias, acastañadas para pasar desapercibidas mentres chocan os ovos.




# LIMÍCOLAS


As aves limícolas son pequenas zancudas que acostuman comer na lama grazas aos seus peteiros, longos na maioría das especies, que enterran na procura de miñocas e outros bichiños. As especies de bico curto capturan as presas na superficie. A meirande parte das limícolas teñen comportamento gregario, agrupándose en bandos compostos por varias especies.

Son grandes migradoras que se desprazan desde as rexións árticas, onde moitas especies crían na tundra na primavera e verán, até as costas africanas ou do sur de Europa, onde pasan o inverno. Algunhas están máis adaptadas a costas rochosas baixas, sendo as máis habituais no Parque Nacional. A arcea ten costumes diferentes, vive en bosques e matogueiras e sae para comer aos prados pola noite.

		Cíes	Ons	Sálvora	Cortegada
Gabita	<i>Haematopus ostralegus</i>	●	●	●	●
Píllara das dunas	<i>Charadrius alexandrinus</i>	●		●	
Píllara real	<i>Charadrius hiaticula</i>	●	●	●	●?
Píllara dourada	<i>Pluvialis apricaria</i>	●		●	
Pilro tridáctilo	<i>Calidris alba</i>	●	●	●	
Pilro común	<i>Calidris alpina</i>	●	●	●	●
Arcea	<i>Scolopax rusticola</i>		●	○	○
Mazarico rubio	<i>Limosa lapponicca</i>	●	●	●	●?
Mazarico chiador	<i>Numenius phaeopus</i>	●	●	●	●
Mazarico real	<i>Numenius arquata</i>		●	●	●
Bilurico patirrubio	<i>Tringa totanus</i>	●	●	●	●
Bilurico das rochas	<i>Actitis hypoleucos</i>	●	●	●	●
Virapedras	<i>Arenaria interpres</i>	●	●	●	●

○ = posíbel; ● = raro; ● = escaso ou pouco común; ● = frecuente ou abundante.





A gabita parece que criaba a mediados do século XX, póto menos nalgúns illotes de Sálvora. Na actualidade vése durante todo o ano, principalmente no inverno. Tén unha rechamante plumaxe branca e negra con peteiro e patas longas, de cor vermella.



O **bilurico das rochas** é unha limícola habitualmente solitaria, pequena e semellante aos pilros, co dorso castaño e peito e ventre claros, aínda que camiña balanzando o rabo, cun xeito moi característico que resulta inconfundíbel. Vese de agosto a abril.



Un especialista en comer pulgas de area

Mazarico chiador



Os mazaricos son limícolas grandes e pardos, de patas e bico longos. No caso do **mazarico rubio**, de ventre claro no inverno e arrubiado na plumaxe nupcial de primavera, o peteiro curva lixeiramente cara a arriba, mentres que nos **mazaricos chiador e real** cúrvase pronunciadamente cara a abaixo. O mazarico chiador é máis pequeno que o real, co peteiro máis curto e unha bandiña negra nos lados da coroa. Todos son vistos nas migracións, aínda que algúns chiadores e reais fican todo o inverno.



Os **virapedras** son migradores de longa distancia, que se ven durante os pasos migratorios e a invernada. Tamén acastañados, destacan polo peteiro máis curto, as patas rubias e o seu peculiar deseño arlequinado do dorso e das alas, visíbel cando voan. A plumaxe nupcial é máis vistosa, con tons brancos, negros e alaranxados.


Comen entre as rochas ou entre as algas arrastradas ás praias, levantando pedriñas e outros obxectos na procura de vermes, miñocas e pulgas de area.

Só unha limícola cría no Parque Nacional, a **pillara das dunas**, moi afectada pola presión humana nas praias. Pon 2-3 ovos directamente sobre a area, entre abril e xuño. É pequena e co bico curto, ventre abrancuzado e dorso da cor da area, co que pasa desapercibida. Moi parecida é á **pillara real**, que se deixa ver nas migracións (sobre todo en setembro), da que se distingue polas patas negras (arrubiadas na real) e collar escuro sen pechar.



Pillara das dunas e o seu niño


Ademais, outras limícolas teñen sido vistas máis raramente durante as migracións ou na invernada: pillara dourada (especialmente en Sálvora), pillara cincenta, avefría (chega nos invernos moi fríos), pilros tridáctilo, gordo, escuro (en Sagres) e común, así como os biluricos patirrubio e claro, entre outras.




# AS RAPINAS

No Parque Nacional das illas Atlánticas nidifican catro especies de rapinas, pouco abundantes pola escasa superficie das illas, pero relativamente fáciles de ver durante todo o ano.


As femias son sempre máis grandes e fortes que os machos




Azor



Miñato común



Lagarteiro común



Falcón peregrino

		Cíes	Ons	Sálvora	Cortegada
Azor	Accipiter gentilis	●	●	●	●
Miñato común	Buteo buteo	●	●	●	●
Lagarteiro común	Falco tinnunculus	●	●	●	
Falcón peregrino	Falco peregrinus	●	●		

● = raro; ● = escaso ou pouco común; ● = frecuente ou abundante; ● = extinto.





O **azor** é a rapina que máis se agocha, ligado a espesuras de árbores onde instala o niño; porén, caza frecuentemente en zonas abertas. Ten cor cincenta e desño barreado, co dorso máis escuro, as alas redondeadas e o rabo bastante longo. Os xuvenís son castaños.

É unha ave de presa moi robusta que chega a cazar aves dun tamaño semellante, como gaiotas patiamarelas adultas, ademais de alimentarse de ratas, coellos, pombas e outras aves. Cría unha parella en cada arquipélago, quizais dúas nas Cies.

As rapinas máis numerosas e visíbeis, como no resto de Galiza, son os **miñatos**, que acostuman a planar no ceo trazando grandes círculos. Teñen plumaxe castaña con zonas aclaradas de extensión variábel, as alas largas e o rabo en abanico.

Fan niño en árbores e ás veces nos cantís, pero aliméntanse en zonas abertas, principalmente de roedores, coellos e réptiles. Cría normalmente dous polos, entre abril e xullo.





O **lagarteiro** está moi ligado a espazos abertos e agrícolas, con poucas árbores. Trátase dun pequeno falcón de alas aguzadas e cola longa, os machos teñen o dorso da cor da tella e as femias de cor máis castaña e punteada de negro. Como estratexia de caza acostuma a peneirar no aire, o que lle deu o nome local de peneireiro en certas zonas de Galiza; o de lagarteiro vénlle da súa alimentación base de lagartiñas, alén de roedores e grandes insectos.

Na actualidade está ameazado de desaparición no Parque, onde só nidifica en fendas e buratos de certas furnas de Ons, a illa máis humanizada e aberta. Antes das plantacións forestais de eucaliptos e do abandono do pastoreo e da agricultura, nidificaba tamén nas Cíes e en Sálvora, onde aínda se lle pode ver, sobre todo nesta última illa, procedente doutras zonas próximas.

Finalmente, o **falcón peregrino** é máis grande e robusto que o lagarteiro, pero cunha silueta semellante en canto á forma das alas e da cola, cunha notoria bigoteira. A cor dominante é cincenta, diferente nos xuvenís, que son castaños. Cría en fendas de furnas e cantís das tres illas do arquipélago das Cíes e tamén nas Ons, rexistrando un notábel incremento nos últimos anos.

Pon 2-3 ovos en marzo e os polos xa voan en maio, coincidindo cun importante fluxo de aves migradoras que lles serven de alimento. Pódese ver voando ou ben pousado en penedos dominantes dos acantilados, á espera do paso das aves que constitúen as súas presas, principalmente pombas e límícolas.



O seu voo en picado é famoso por acadar velocidades récord, que superan os 400 km/h



De maneira rara ou ocasional, tamén se poden ver outras rapinas que non chegan a nidificar, caso da tartaraña das xunqueiras, que semella habitual no verán en Sálvora, ou da tartaraña cincenta, o gabián, o miñafre negro ou mesmo dalgunha aguia pescadora.

# CURUXAS

As curuxas, os mouchos e outras rapinas nocturnas tiveron mala fama durante moitos anos no mundo rural, debido a supersticións e descoñecemento. Hoxe en día, o seu destacado papel como depredadoras de roedores vai contribuíndo a que sexan máis apreciadas.

		Cíes	Ons	Sálvora	Cortegada
Curuxa común	<b>Tyto alba</b>	●	●	●	●
Avelaiona	<b>Strix aluco</b>	●			●

● = raro; ● = escaso ou pouco común.

En Cortegada resulta moi probábel que tamén nidifique a **avelaiona**, unha curuxa de tamaño parecido aínda que de cor parda e de hábitos forestais. A avelaiona é moi común nas Rías Baixas, onde case sempre fai niño en buratos de grandes carballos, polo que estraña a súa ausencia nas illas, quizais debida á falta de árbores ocas.

As rapinas nocturnas son aves complicadas de detectar, debendo aproveitar as épocas en que poden ser localizadas polos seus reclamos. Algunhas especies non nidificantes poderían pasar desapercibidas, como o **bufo pequeno**, que se ten visto nos últimos outonos en Sálvora.



No Parque Nacional só cría a **curuxa común**, moi ligada a construcións humanas, onde nidifica en faiados. Pon de un a sete ovos, dependendo da cantidade de alimento que haxa cada ano, e chega a criar máis dunha niñada. Caza sobre todo en prados e cultivos. É branca con tons cremas e cinzas no dorso. Cando voa non fai o máis mínimo ruído, o que lle axuda a sorprenden ás súas presas.

Cada curuxa pode capturar milleiros de ratos ao ano

Curuxa común

# POMBAS E RULAS


Tanto pombas como rulas pertencen á mesma familia dos colúmbidos. Son aves robustas, de patas e peteiro curtos e fortes, adaptadas a comer grao e outras sementes.

		Cíes	Ons	Sálvora	Cortegada
Pombo torcaz	<i>Columba palumbus</i>	●	●	●	●
Pomba das rochas	<i>Columba livia</i>	●	●?		
Rula turca	<i>Streptopelia decaocto</i>	●	●	●	●
Rula común	<i>Streptopelia turtur</i>	●	●	●	●

● = raro; ● = escaso ou pouco común; ● = frecuente ou abundante; ● = extinto.

A pomba das rochas criaba até os anos oitenta ou noventa en furnas e cantís das illas Cíes e Ons, seguramente favorecida pola existencia de cultivos e gandería. Máis pequena que a torcaz, ten a rabadilla branca. Hoxe en día está practicamente desaparecida, aínda que son relativamente comúns as pombas domésticas e mensaxeiras, da mesma especie pero habitualmente con plumaxes de diferentes deseños.

O **pombo torcaz** é fácil de ver en todos os arquipélagos, onde fai o niño principalmente en árbores, aínda que normalmente come no chan. Ten cor cinza-azulada, con franxas alares e manchas a ambos lados do pescozo, de cor branca.





A rula común, asociada a cultivos e prados con arboredo intercalado, ten o dorso ferruxinoso alternado con negro e unha característica banda terminal branca na cola. Pode ser vista ou ouvida durante as migracións en todos os arquipélagos, aínda que só debe nidificar en Cortegada e quizais en Sálvora.

En proceso inverso á pomba das rochas, nos últimos anos resulta máis habitual a **rula turca**, asociada a ambientes humanizados. Trátase dunha especie oriental en expansión natural por Europa, que chegou a Galiza nos anos setenta. A plumaxe é de cor crema pálido cunhas peculiares manchas escuras a ambos lados do pescozo.

Durante o século XX colonizou toda Europa desde Turquía





# AVENOITEIRAS

Como se adiviña polo seu nome, as **avenoiteiras** son aves de hábitos crepusculares e nocturnos, que podemos ver despois do solpor en zonas abertas, mesmo pousadas ou voando a rente nos camiños, cun característico voo irregular e quebradizo. Máis fácil resulta escoitalas, xa que repiten habitualmente unha nota semellante ao grilo, pero moito máis continuada, como un motorciño.

		Cíes	Ons	Sálvora	Cortegada
Avenoiteira cincenta	<i>Caprimulgus europaeus</i>	●	●	●	○

○ = posíbel; ● = frecuente ou abundante.

A **avenoiteira cincenta** ten cores cinzas e negras que a fan pasar desapercibida durante o día, agochada no chan baixo árbores e matogueiras, onde ademais fai o niño. Voando aprézase que ten alas e cola moi longas. O peteiro é moi curto, mais ten grandes comisuras, polo que a boca se abre amplamente para capturar insectos mentres voa.

Trátase dunha especie relativamente frecuente e abundante nestas illas atlánticas, a onde chega en abril despois de invernar na África. Algunhas non marchan até principios de outubro.




Avenoiteira cincenta

# PETOS

Os petos son tamén coñecidos como paxaros carpinteiros, posto que peteiran nos troncos das árbores na procura de larvas de insectos. Son aves forestais, aínda que os petos verde e formigueiro tamén se ven en matogueiras e prados, onde van comer formigas. O corpo é robusto e teñen un característico voo ondulado. A súa presenza é habitualmente delatada polos seus estridentes reclamos.

		Cíes	Ons	Sálvora	Cortegada
Peto real	<i>Dendrocopos major</i>	●			●
Peto verde	<i>Picus viridis</i>	●			●
Peto formigueiro	<i>Jynx torquilla</i>	●	●	●	●

● = raro; ● = escaso ou pouco común; ● = frecuente ou abundante.



Teñen unha lingua enorme, dúas veces máis longa que a cabeza, provista de pequenos ganchos para atrapar insectos nos buratos da madeira

O **peto real** é a única especie doada de observar, cun tamaño superior ao merlo e plumaxe alternada de cores brancas e negras, con rechamantes plumas vermellas no cocote e no baixo ventre. O **peto verde** é de cor verdosa, coa coroa vermella. Nidifican en buratos das árbores, frecuentemente traballados por eles mesmos.

Os petos crían e pasan todo o ano nas illas, agás o **peto formigueiro**, máis pequeno e castaño, que só se detecta nos pasos migratorios, principalmente en setembro.




# CIRRIOS E ANDORIÑAS

Os cirrios e as andoriñas son aves parecidas: pasan boa parte do tempo voando, onde capturan insectos no aire, e contan con alas longas e estreitas. Porén están pouco emparentadas, xa que as andoriñas pertencen ao grande grupo dos passeriformes, mentres que os cirrios comparten clasificación cos bicaflares ou colibrís da América. As catro especies habituais no Parque pasan o inverno na África, visitando as illas entre marzo e setembro.

		Cíes	Ons	Sálvora	Cortegada
Andoriñón	<i>Tachymarptis melba</i>	●	●		
Cirrio común	<i>Apus apus</i>	●	●	●	●
Andoriña común	<i>Hirundo rustica</i>	●	●	●	●
Andoriña de cú branco	<i>Delichon urbica</i>	●	●	●	●

● = raro; ● = escaso ou pouco común; ● = frecuente ou abundante.



O cirrio común e o andoriñón apenas se pousan nos niños na época de cría; pasan o resto do ano voando sen parar, e mesmo durmindo no ceo

No Parque Nacional só nidifica o **andoriñón**, unha especie moi escasa en Galiza (menos de cen parellas), que cría en estreitas fendas dos acantilados máis verticais de Cíes e Ons. Son aves de mediana envergadura (0,5- a 0,6 metros), castañas co ventre e a gorxa brancas, que se ven con máis frecuencia á tardiña, voando nos acantilados en barullentos grupos, a alta velocidade. Común nos arredores do Burato do Inferno, en Ons.

O cirrio común é un pouco menor e moi escuro, en canto as andoriñas común e de cú branco son moito máis pequenas, diferenciándose entre elas pola cor da gorxa e da rabadilla e pola forma da cola. Estas tres especies poden verse voando sobre as illas na migración ou procedentes de localidades da costa cercana, onde fan o niño en casas e edificios. O cirrio ten criado nas Cíes, no convento que hoxe alberga o Centro de Interpretación.

# PAXAROS DOS CANTÍS: O RABIRRUBIO

Nas zonas acantiladas e de penedías, onde crían as aves mariñas máis o falcón, as choias, as grallas ou os andoriñóns son pouco habituais os pequenos paxaros, e cando están presentes asóciase xeralmente ás matogueiras. Este é o caso da azulenta, da carriza e do merlo.

O paxaro característico destes ambientes rochosos é o **rabirrubio** (*Phoenicurus ochruros*), que tamén ocupa costas rochosas baixas e chega a críar en construcións humanas, podendo aparecer alimentándose en matogueiras e cultivos. Trátase dunha especie frecuente nos catro arquipélagos, onde fica todo o ano.

Os machos son negros con manchas brancas nas alas, mentres que femias e xuvenís son pardo-escuros co peito e o ventre máis aclarados. Todos son característicos pola súa cola arrubiada, moi vistosa cando voan.

Fan niños en fendas das rochas, en moitas ocasións en lugares máis ou menos accesíbeis, onde chegan a efectuar 2 ou 3 postas ao longo da primavera. Poñen 4 a 6 ovos que chocan en menos de medio mes, criando aos polos noutros 15 días.

De maneira ocasional, teñen sido vistos rabirrubios de testa branca durante as migracións, venciados a matogueiras, sebes e cultivos.



Femia



Macho



# LAVANDEIRAS E PICAS

As lavandeiras e as picas son paxaros emparentados nunha mesma familia, que habitan espazos abertos onde pasan a maior parte do tempo andando ou correndo polo chan, na procura de insectos. Fan o niño no chan, entre a vexetación. Teñen o rabo longo e voo ondulado.

		Cíes	Ons	Sálvora	Cortegada
Lavandeira amarela	<i>Motacilla flava</i>	●	●	●	●
Lavandeira cincenta	<i>Motacilla cinerea</i>	●	●	●	●
Lavandeira branca	<i>Motacilla alba</i>	●	●	●	●
Pica dos prados	<i>Anthus pratensis</i>	●	●	●	●

● = raro; ● = escaso ou pouco común; ● = frecuente ou abundante.

A **lavandeira amarela** é estival, de dorso verde, peito e ventre amarelos, gorxa branca e cabeza azulada, cunha peculiar lista branca sobre o ollo. Habita en breixos ou matogueiras baixas e húmidas, frecuentemente alternadas con pasteiros, como as ladeiras de Fedorento en Ons.

A lavandeira cincenta é parecida á amarela, pero co dorso de cor cinza. Porén, apenas coinciden en setembro, xa que é unha visitante invernal da costa, frecuentando praias e zonas rochosas. Non cría no Parque, pois para iso gusta de ríos con torrentes, inexistentes nestas illas.



A especie máis común é a **lavandeira branca**, con diferentes tons en branco, cinza e negro. Habitual durante todo o ano, come nas liñas de marea das praias, ademais de zonas humanizadas como labradíos, camiños e fontes. Nidifica en campos dunares, tellados e muros.

Os machos, as femias e os xuvenís das tres especies de lavandeiras son relativamente fáciles de distinguir polo deseño da plumaxe, sempre máis vistoso e contrastado nos machos.



As picas son facilmente diferenciábeis das lavandeiras polos seus tons castaños, con ventre claro estriado de negro. Esta é a plumaxe típica da **pica dos prados**, de patas cor da carne, común en prados e outras zonas de vexetación baixa, aínda que só durante o inverno, xeralmente de finais de setembro a marzo.

Moi parecida é a pica das árbores, de hábitos máis forestais, que se pode detectar durante a migración de primavera, en marzo e abril.



# PAXAROS DE ESPAZOS ABERTOS


Alén de picas e lavadeiras, as matogueiras, os pasteiros e as zonas de campos e cultivos, mesmo con sebes e árbores espalladas, son o hábitat dun numeroso e heteroxéneo grupo de paxaros, que agrupamos aquí para facilitar o seu coñecemento e identificación. Todos son sedentarios, isto é, visíbeis durante todo o ano nas illas.

		Cíes	Ons	Sálvora	Cortegada
Laverca	<i>Alauda arvensis</i>	●	●	●	
Carriza	<i>Troglodytes troglodytes</i>	●	●	●	●
Azulenta	<i>Prunella modularis</i>	●	●	●	●
Chasco	<i>Saxicola torquata</i>	●	●	●	●
Carriza dos xuncos	<i>Cisticola juncidis</i>	●	●	●	
Papuxa do mato	<i>Sylvia undata</i>	●	●	●	
Papuxa cabecinegra	<i>Sylvia melanocephala</i>	●	●	●	●
Papuxa das amoras	<i>Sylvia atricapilla</i>	●	●	●	●
Pardal	<i>Passer domesticus</i>	●	●		
Xirín	<i>Serinus serinus</i>	●	●	●	●
Verderolo	<i>Carduelis chloris</i>	●	●	●	●
Liñaceiro	<i>Carduelis cannabina</i>	●	●	●	●
Xílgaro	<i>Carduelis carduelis</i>	●	●	●	●
Escribenta común	<i>Emberiza cirulus</i>	●			

● = raro; ● = escaso ou pouco común; ● = frecuente ou abundante; ● = extinto.

A **laverca** é castaña e de certo tamaño (18 cm), cun característico copete de plumas no cocote e un canto musical, que emite mentres voa, en ocasións case parada a grande altura. Gusta de lugares coa vexetación moi baixa, onde se alimenta e fai o niño no chan.

Trátase dunha especie cada vez máis escasa en Europa, debido aos modernos cambios agrícolas (intensificación), e tamén no Parque Nacional, por mor do abandono de cultivos e do pastoreo. Unha especie parecida que se ten visto ocasionalmente é a cotovia pequena.



A **carriza** é unha das aves máis populares de Galiza, así como unha das máis pequenas. O seu corpo é gordecho, castaño, con rabo curto xeralmente apuntado cara a arriba e peteiro fino. Resulta máis fácil de detectar polo canto, pois gusta de agochar en espesuras de silvas e outros arbustos, mesmo baixo zonas arbóreas.

As carrizas fan niños moi elaborados con brións e palliñas, no interior de buratos de árbores e de rochas ou nos muros das casas. Chegan a criar dúas ou tres veces cada primavera-verán.

A carriza dos xuncos é pouco vistosa, de cor castaña listada de negro, co ventre e a gorxa abrancazadas. Voa de xeito ondulado emitindo un reclamo curto e monótono, e gusta de pousar verticalmente en finos talos herbáceos.



A **azulenta** é un paxaro moi común nestas illas Atlánticas, porén pouco vistoso e de hábitos discretos entre matogueiras e sebes, polo que non é moi coñecido. Ten o dorso pardo estriado de negro. O peito é cinza-azulado e o peteiro fino, típico de insectívoro. Fai o niño en toxos ou outros arbustos, onde pon os seus ovos azulados.



Chasco macho

O **chasco** é un dos paxaros máis fáciles de observar no Parque Nacional, tanto pola súa abundancia como sobre todo polo seu hábito de pousar ao descuberto, no alto de arbustos, penedos ou estacas. Os machos teñen a cabeza negra, o peito arrubiado e unha mancha branca no pescozo, mentres que femias e xuvenís son de cores acastañadas. Resulta inconfundíbel polo seu reclamo ("chac-chac"), que lle dá nome.

Vive en matogueiras e en campos con sebes. Fai niño en arbustos e cría dúas ou tres veces ao ano. Aliméntase de insectos, que frecuentemente captura en voo, esculcando desde os seus pousadoiros.



A papuxa do mato destaca pola súa longa cola e hábitos escondedizos entre as toxeiras, costume de onde deriva un nome vernáculo da illa de Ons: furatoxo. Gorxa, peito e ventre son da cor do viño tinto, mentres que as partes superiores son cincentas. Os espécimes novos son cincentos e acastañados até chegar o outono.

Pola súa banda, a **papuxa cabecinegra**, tamén secretiva e de cola longa cos extremos brancos, prefire silveiras e espiñeirais. Ten cores cinzas, máis claras no ventre e sobre todo na gorxa; a cabeza é negra até debaixo dos ollos, que contan cun anel vermello. As femias son pardentas, máis claras no ventre e coa cabeza de cor cinza.



Moi parecida á cabecinegra é a **papuxa das amoras**, só que a gorxa é cincenta e a zona negra da cabeza fica como un pucho por riba do ollo. As femias son máis pardas, co pucho castaño. Gusta da presenza de árbores, sobre todo en hortas e xardíns. Consume grande cantidade de amoras e outros froitos, principalmente no outono. O seu canto afrautado resulta característico.

As papuxas son paxaros insectívoros que fan niño entrelazado en pólas de arbustos. A papuxa do mato acada densidades elevadas nas matogueiras do Parque Nacional, mentres que a papuxa cabecinegra é unha especie de óptimo mediterráneo, que colonizou de forma natural as Rías Baixas na década dos setenta e prosegue a súa expansión por Galiza.

## FRINXÍLIDOS

O xirín, o verderolo, o xílgaro e o liñaceiro pertencen á mesma familia, os frinxílicos. Son granívoros, de peteiro curto e forte. Vense todo o ano nas illas, onde aniñan nas pólas de árbores ou arbustos. Fóra da época de cría poden agruparse en bandos mixtos.

Só incuban as femias,  
mentres os machos lles  
levan de comer

O **xirín** (11 cm) é de cor amarela estriada de negro, con tons máis vivos na cabeza, no peito e na rabadilla. As femias son máis pálidas. Gusta de zonas con algunhas árbores, na proximidade de campos e zonas abertas, sendo raro en toxeiras. Adoita cantar desde árbores ou en voo, emitindo un son renxedor.

No inverno tamén se pode ver o **úbalo**, especialmente en Cortegada, estriado como o xirín pero máis verdoso e coa coroa negra nos machos.



O **verderolo** é parecido, pero máis grande (15 cm), verdoso e sen estrías negras, cos exemplares femias e xuvenís máis pálidos. Tamén prefere zonas arboradas aclaradas ou posicións extremas con cultivos, aínda que se adentra máis nas matogueiras.



O **liñaceiro** é castaño, cos extremos das alas negros e a cabeza cincenta. Os machos locen vistosas plumas vermellas na fronte e no peito. Gusta de espazos abertos, campos, cultivos e matogueiras, mesmo de zonas con penedías ou campos dunares.



O **xílgaro** resulta inconfundíbel, moi colorido e aprezado polo seu canto, o que infelizmente provoca a súa captura ilegal para engaiolar en moitas localidades. Alterna cores castañas, negras e brancas, con cara vermella e alas con vistosas franxas amarelas.

Semellante aos frinxílidos, o pardal está moi ligado á actividade humana, de maneira que abandona aqueles lugares ou aldeas que fican despoboados. Son pardos con peito e ventre cincento, peteiro forte de granívoro, babeiro negro e con coroa cincenta nos machos. Nas Cíes está moi limitado á zona do cámping, que abandona no inverno; nas Ons está máis espallado.

Nas zonas humanizadas e dunares das Cíes crían unhas poucas parellas de escribenta común. Presenta cores ocre e cinzas, co ventre e a cara amarelas, de ton máis intenso nos machos, onde contrasta coa gorxa e dúas listas na cara, de cor negra. A escribenta pertence a outra familia de paxaros granívoros, que poñen ovos con trazas irregulares negras, que lembran ás manchas de tinta dos escribentes, de onde deriva o seu nome. Ocasionalmente tamén se pode ver a escribenta riscada.



# PAXAROS FORESTAIS

Os paxaros forestais agrupan especies de diferentes familias que se especializaron en explotar distintos microhábitats dentro das masas arbóreas: no chan, nos troncos, nas pólas baixas, nas copas... En inverno, estreliñas, ferreiriños e gabeadores, a miúdo se móven en bandos mixtos. Os arquipélagos das Cíes, e sobre todo Cortegada, os únicos con apreciábeis extensións arboradas, concentran a maior parte destes paxaros.

		Cíes	Ons	Sálvora	Cortegada
Paporrubio	<i>Erithacus rubecula</i>	●	●	●	●
Picafollas europeo	<i>Phylloscopus collybita</i>	●	●	?	?
Picafollas ibérico	<i>Phylloscopus ibericus</i>	●	●		●
Estreliña riscada	<i>Regulus ignicapillus</i>	●			●
Ferreiriño rabilongo	<i>Aegithalos caudatus</i>	●			●
Ferreiriño negro	<i>Parus ater</i>	●	●	●	●
Ferreiriño cristado	<i>Parus cristatus</i>				●
Ferreiriño azul	<i>Parus caeruleus</i>				●
Ferreiriño real	<i>Parus major</i>	●	●		●
Gabeador	<i>Certhia brachydactyla</i>	●			●
Pimpín	<i>Fringilla coelebs</i>	●	●	●	●
Cardeal	<i>Pyrrhula pyrrhula</i>	●	●		●

● = raro; ● = escaso ou pouco común; ● = frecuente ou abundante.



- 1 Gabeador
- 2 Merlo
- 3 Cardeal
- 4 Ferreiriño
- 5 Picafollas
- 6 Pimpín

Os **picafollos europeo e ibérico** son case iguais e só se diferencian en man ou polo canto. Trátase de paxaros pequenos, amarelentos e de peteiro fino, insectívoros. Adoitan moverse a baixa altura en árbores e arbustos, tanto en bosques como en sebes e xardíns. O europeo é invernante mentres que o ibérico é nidificante, na primavera e no verán.

A **estrelíña riscada** é o paxaro máis pequeno de Europa (9 cm), nervioso e pouco visíbel na follaxe das árbores. O corpo é pálido, verde nas partes superiores, con inconfundíbel risca branca sobre o ollo, enmarcada en dúas listas negras e coa coroa alaranxada (machos) ou amarela (femias). Vese todo o ano.




O **paporrubio** é un dos paxaros máis coñecidos e familiares de Galiza, común en xardíns, hortas e sebes, ademais de bosques e matogueiras. Acostuma a achegarse moito á xente, de aí a expresión "dixomo o paporrubio", cando se descobre un segredo. É inconfundíbel, gordecho co peito arrubiado e peteiro fino de insectívoro.

En inverno pode resultar máis abundante pola chegada de exemplares de Centroeuropa. Os paporrubios novos, no verán e no outono, son totalmente castaños finamente apigarados de negro.

Son moi territoriais e agresivos entre eles, incluso no inverno



Os **ferreiriños** son paxaros pequenos que apenas paran quedos, pousando acrobaticamente nas pólas -ás veces cabeza abaixo- na procura de larvas, insectos e sementes agochadas en gretas e fendas, que recollen co seu peteiro curto pero forte. Xeralmente crían en buratos de muros ou de árbores. Vense durante todo o ano.



O **ferreiriño rabilongo** é de cor castaña arrubiada, coa cabeza abrancazada atravesada por cadansúas listas negras sobre os ollos, que se xuntan no dorso. O rabo é moi longo e negro, e o peteiro diminuto. Fan un niño pechado e moi elaborado, construído con brións e tecido entre finas pólas.

Máis raros son o ferreiriño cristado, pardo-cincento cunha característica crista de plumas na coroa, e o ferreiriño azul, de peito amarelo e dorso azulado. O primeiro gusta de piñeirais e o segundo de árbores caducifolias, sendo unha especie común no rural galego.



O **ferreriño real** é o máis grande deste grupo, co ventre amarelo cruzado por unha liña negra desde o peito, que tamén é negro como a coroa e o pescozo, enmarcando a cara branca. O xeito é parecido ao do ferreiriño negro, só que este ten o corpo de cores pálidas, co cocote branco. O **ferreiriño negro** habita principalmente piñeirais, mentres que o ferreiriño real, aínda vivindo nos piñeirais das Cies, gusta de sebes con árbores caducifolias.

O gabeador é inconfundíbel polo seu comportamento, gabeando polos troncos coa cola pegada á casca. Procura insectos ou as súas larvas nas fendas das cortizas, que atrapa co seu peteiro fino e longo, lixeiramente curvado para abaixo. Tamén aniña en buratos e se pode ver durante todo o ano.

Nas zonas de árbores caducifolias de Ons e Cortegada podería criar o ouriolo, un vistoso paxaro estival, negro e amarelo, do tamaño do merlo, que é difícil de ver entre a follaxe, aínda que o seu reclamo, forte e afrautado é distintivo.

O pimpín e o cardeal son frinxílidos, como xiríns e xílgaros, pero están máis vencellados a zonas forestais, mesmo florestas espesas, aínda que poden aparecer en campos e sebes, sobre todo no inverno. Son tamén granívoros, do tamaño do verderolo, co peteiro groso e fican durante todo o ano nas illas. Aniñan en árbores. Os machos son ben máis coloridos que as femias.



No caso do **pimpín**, os machos teñen gorxa e peito de cor granate, coa cabeza cincento-azulada e unhas características manchas brancas nas alas. Estas manchas brancas tamén as teñen as femias, sobre unha cor castaña pálida, máis clara no ventre.

O cardeal macho ten gorxa, peito e ventre de rechamante cor vermella, coa cabeza negra, o dorso cincento e a rabadilla branca. As femias son semellantes pero con tons máis pálidos. Comen xemas das árbores.

Pimpín macho



# MERLOS E TORDOS

Son paxaros de tamaño medio (20-30 cm), robustos e de voo potente. Comen insectos e miñocas no chan, así como numerosos froitos en árbores e arbustos, dos que son axentes de dispersión das sementes a través dos excrementos.

		Cíes	Ons	Sálvora	Cortegada
Merlo	<i>Turdus merula</i>	●	●	●	●
Tordo común	<i>Turdus philomelos</i>	●	●	●	●

● = raro; ● = escaso ou pouco común; ● = frecuente ou abundante.

O **tordo común** é máis pequeno que o merlo. Por riba é castaño, co ventre branco e o peito crema e apigarado de negro. Ten hábitos forestais e non resulta fácil de ver, aínda que o seu forte canto é dos máis variados e bonitos da fauna galega, emitido habitualmente desde a copa das árbores ao amanecer ou á tardiña. Come caracois, rompendo as cunchas contra as pedras.

Algúns invernos, especialmente en épocas frías, é posíbel ver tordo charlo, tordo rubio e tordo real, os dous últimos mesmo formando bandos numerosos.

O **merlo** é un paxaro moi coñecido por frecuentar parques e xardíns e ser abundante no medio rural, aínda que tamén se lle encontra en matogueiras e bosques. Os machos, de característico reclamo melodioso, son negros co peteiro rubio; as femias teñen tons máis pálidos e os xuvenis son castaño-escuros. No chan camiña a saltos.

O merlo é o principal dispersor de semente da interesante poboación de camariña das dunas de Muxeiro, nas Cíes, que madura os seus froitos branco-verdosos no verán. Os outros dous dispersores desta planta son a gaivota patiamarela e o coello.



# PAXAROS EN PASO

En Europa asistimos a dúas épocas principais de migracións de aves, nas cales millóns de exemplares dun bo número de especies se desprazan entre os lugares de invernada (África ou sur de Europa) e as zonas de cría europeas. A maior parte delas viaxan á noite e só as vemos cando paran durante o día. Na migración prenupcial ou de primavera (entre marzo e maio, segundo as especies), as aves apenas descansan, apresuradas na procura de territorio e parella nos lugares de cría, mentres que no paso migratorio postnupcial ou de outono (agosto, setembro e outubro), adoitan sedimentar durante máis días.

A migración de outono coincide parcialmente co período de turismo no Parque Nacional, cando é habitual detectar paxaros que non se ven o resto do ano.

		Cíes	Ons	Sálvora	Cortegada
Chasco norteño	<i>Saxicola rubetra</i>	●	●	●	
Pedreiro cincento	<i>Oenanthe oenanthe</i>	●	●	●	●
Folosa amarela	<i>Hippolais polyglotta</i>	●	●	●	●
Papuxa cincenta	<i>Sylvia communis</i>	●	●	●	●
Papuxa picafollas	<i>Sylvia borin</i>	●	●	●	●
Picafollas musical	<i>Phylloscopus trochilus</i>	●	●	●	●
Papamoscas cincento	<i>Muscicapa striata</i>	●	●	●	●
Papamoscas negro	<i>Ficedula hypoleuca</i>	●	●	●	●

● = raro; ● = escaso ou pouco común; ● = frecuente ou abundante.

Outros paxaros que se teñen detectado en paso son o rousinol, o rousinol bravo -que podería criar en ribeiras dos regos de Ons-, e durante a primavera o picanzo cabecirrubio. Aínda que non son do grupo dos paxaros (paseriformes), cómpre mencionar que hai citas frecuentes durante a migración de cuco e bubela, dúas aves comúns no medio rural continental próximo.

Paxaros duns 15 gramos  
que poden viaxar 6.000  
quilómetros en poucos días

Hai dúas especies de papamoscas que se observan facilmente, pousadas en árbores ou postes a carón de zonas abertas, desde onde fan curtos voos para atrapar insectos.

O chasco norteño ten uns costumes de caza semellantes, pero en zonas de matogueira. Parécese cunha femia dos chascos habituais nas matogueiras do Parque, xa que pousa de xeito ben visíbel no alto de arbustos, pero ten estriás negras sobre a plumaxe castaña e unha marcada cella branca.

O **papamoscas negro** é moi común, aínda que no outono os machos, co dorso negro na primavera, visten unha plumaxe semellante á das femias, de cor crema pálida máis clara no ventre, con características marcas brancas nas alas.

O papamoscas cincento non ten esas marcas aláres brancas e amosa un ton máis cincento, co peito e a coroa finamente estriados.



O **pedreiro cincento** pousa no chan, en zonas pedregosas e de vexetación moi baixa, como algunhas pistas de Ons. Ten cor crema clara, alas negras e unha dobre lista negra e branca no ollo, aínda que o máis característico é a rabadilla branca, visíbel cando voa. Algúns veñen desde Grenlandia, onde cría unha raza máis abrancazada.

A folosa amarela é semellante aos picafollas, só que máis amarela, co peteiro máis longo e acostuma a pousar máis erqueita e a frecuentar silveiras. Debe criar en Cortegada. Moito máis común resulta o picafollas musical, case indistinguíbel dos picafollas europeo e ibérico, de non ser polo canto e polas patas de cor pálida en vez de escura.

Hai dúas papuxas (ver outras especies en páx. 59) que só se ven nas migracións, comendo froitiños en silveiras e outros arbustos. A papuxa picafollas semella un picafollas, aínda que é máis grande, castaña-cincenta e co peteiro máis grosso. A papuxa común, que debe criar en Cortegada, ten a gorxa branca como a cabecinegra, semellando ás femias desta especie, só que cunha cor máis arrubiada, especialmente nas alas.




# CÓRVIDOS

O Parque Nacional acubilla unha interesante comunidade de córvidos, con dúas especies xa desaparecidas no resto das Rías Baixas e que se encontran aquí moi ameazadas de extinción: a choia e a gralla pequena. En xeral, son aves cun comportamento social moi evolucionado.

		Cíes	Ons	Sálvora	Cortegada
Pega	<i>Pica pica</i>		●		
Gaio	<i>Garrulus glandarius</i>				●
Choia	<i>Pyrrhocorax pyrrhocorax</i>	●	●	●	
Gralla pequena	<i>Corvus monedula</i>	●	●		
Corvo	<i>Corvus corone</i>	●	●	●	●
Corvo grande	<i>Corvus corax</i>	●	●	●	

● = raro; ● = escaso ou pouco común; ● = frecuente ou abundante; ● = extinto.

Algúns anos ten criado a pega en Ons, un córvido branco e negro e de cola longa, común no rural das Rías Baixas, polo que pode ser vista ocasionalmente en calquera arquipélago. En Cortegada atópase o gaio, unha pega forestal de cor cinza-rosácea con exóticas plumas azuis e brancas nas alas.





A **gralla pequena** (32 cm) é negra co cocote cincento e rechamantes ollos azulados, de peteiro curto e forte. Cría en furnas, onde instala o niño en buratos. A partir de xuño, as grallas novas acompañan ás adultas e vanse xuntando en bandadas, que cada ano son menos numerosas no Parque Nacional, malia a ser unha especie abundante en zonas agrícolas da España mediterránea, aínda que escasa en Galiza.


Choiá e gralla encóntranse moi ameazadas de desaparición no Parque Nacional



A **choiá** (40 cm) é toda negra agás as patas e o peteiro, de rechamante cor vermella. O peteiro é fino, relativamente longo e curvo, adaptado a capturar insectos en matogueiras aclaradas, pasteiros naturais, prados e dunas, mesmo remexendo pedras. É unha ave relativamente fácil de ver nos cantís de Ons, onde exhibe os seus acrobáticos voos. A súa aparición adoita vir acompañada dun estridente reclamo, que dá nome onomatopeico a esta ave.

Cría en buratos inaccesíbeis de furnas e cantís. Hoxe en día só nidifica unha parella nas Ons, onde é habitual que a comezos do mes de xuño voen 3 ou 4 polos, que durante un tempo, antes de se dispersar, acompañan á parella proxenitora.

Tanto choiá como especialmente gralla pequena foron comúns e abundantes en Cíes e Ons a mediados do século XX, favorecidas pola existencia de cultivos e de rabaños de ovellas e cabras, que mantiñan baixa á matogueira e incrementaban a abundancia dos grandes insectos dos que se alimentan. A gralla pequena, en bandadas que superaban o cento de aves, chegou a ser unha praga nos cultivos de cereal. En Sálvora tamén deberon ser comúns, dado o nome de Gralleiros que reciben os altos da illa.





Corvo grande



Corvo

O **corvo grande** tamén é totalmente negro pero ben maior que a choia e a gralla. Fai o niño en lugares abrigosos nas furnas e cantís das Cíes, Ons e Sálvora. Chega a criar até catro polos, que voan en xuño ou xullo.

O corvo grande é unha especie oportunista de alimentación omnívora, que na primavera adoita introducir na dieta ovos de gaivotas e mesmo de corvo mariño, e no inverno visita as praias na procura de restos depositados polo mar.

Nos últimos anos ten colonizado as illas o **corvo** común, abundante no rural galego. É menor que o corvo grande (47 cm, por 60 deste), co peteiro menos forte, a voz menos grave e unha silueta con alas e cola relativamente máis curtas, esta última en forma de abanico (en cuña no corvo grande).



Corvo grande

# OS MAMÍFEROS

Son poucas as especies de mamíferos que viven nestas illas Atlánticas e existen dúbidas sobre o carácter autóctono da meirande parte delas. Tense certeza de que os gatos, o ourizo cacho ou as ratas foron introducidos a través da actividade humana, porén existen dúbidas con respecto ao coello e pequenos roedores e insectívoros, como ratos e furaños.

Moito máis evidente é a introdución dos cervos de Sálvora, co obxectivo de seren abatidos nas cacerías que se organizaban na illa antes da creación do Parque Nacional. Hoxe en día, aínda varios exemplares comparten a illa cunha manda de cabalos semisalvaxes. Nas Cíes tamén se soltaron raposos, só machos, na época dos cultivos forestais, para depredar nos coellos que comían as pequenas árbores; hoxe xa morreron todos. En Cortegada pacen unha vintena de cabras en semiliberdade e en Ons restan algunhas ovellas e burros da que outrora fora unha nutrida cabana gandeira.

Casos aparte entre os mamíferos son os morcegos, que segundo a especie se poden desprazar voando considerábeis distancias; ou a lontra e o visón americano, que poden alcanzar as illas a nado.

		Cíes	Ons	Sálvora	Cortegada
Ourizo cacho	<i>Erinaceus europaeus</i>	●			●
Toupa cega	<i>Talpa occidentalis</i>			○	●
Furaño común	<i>Crocidura russula</i>	●	●	●	
Morcego común	<i>P. pipistrellus/mediterraneus</i>	●	●	●	○
Morcego espertello	<i>Eptesicus serotinus</i>	●	○	○	○
Visón americano	<i>Mustela vison</i>	●		●	○
Lontra	<i>Lutra lutra</i>	●		●	○
Gato doméstico	<i>Felis catus</i>	●	●	●	
Rato de campo	<i>Apodemus sylvaticus</i>		●	●	●
Rata común	<i>Rattus norvegicus</i>	●		●	●
Rata cincenta	<i>Rattus rattus</i>	●	●		●
Rato caseiro	<i>Mus domesticus</i>	●	●		
Coello bravo	<i>Oryctolagus cuniculus</i>	●	●	●	●

○ = posíbel; ● = raro; ● = escaso ou pouco común; ● = frecuente ou abundante.

# INSECTÍVOROS

O **ourizo cacho**, co corpo recuberto de púas espiñentas, foi introducido nas Cíes a mediados do século XX, segundo os testemuños de persoas nativas. Hoxe en día habita matogueiras e campos dunares nas zonas baixas das illas do Faro e Monte Agudo.



Ourizo cacho comendo caracois

A **toupa** só está presente en Cortegada, onde é frecuente observar os montóns de terra que deixa na superficie do chan cando escava as súas galerías ou procura as miñocas e insectos dos que se alimenta. É negra, co fociño en forma de trompa e grandes mans para escavar.

As toupas non comen raíces nin vexetais, aínda que por descoñecemento é frecuente que se lles bote culpa de comeren as plantas que as trilladeiras (uns roedores que fan galerías subterráneas) comen en hortas e labradíos.

O **furaño común** tamén ten fociño en trompa, pero é moi pequeno e de cor leonada, case cego, mais con bo ouvido e olfacto. Come invertebrados entre a follaxe ou baixo as matogueiras. Como acontecía con varios réptis, tense demostrado que os exemplares insulares de Ons e Sálvora atinxen maior tamaño que os das localidades continentais próximas.



# ROEDORES

Os roedores máis coñecidos nestas illas son as ratas, representadas por dúas especies introducidas probabelmente hai séculos. Viven en practicamente todos os ambientes illáns, principalmente nas zonas humanizadas onde se aproveitan do lixo. Nas Cíes chegaron a ser praga ao final dalgúns veráns.

Durante outono, inverno e primavera, épocas nas que apenas existe presenza humana, as ratas aliméntase de brotes de plantas, froitos, sementes e insectos, chegando a ir mariscar caramuxos e mexillóns ás rochas durante a baixamar. As súas pegadas son habituais nas praias.



pegada dianteira

pegada traseira

A rata cincenta acostuma a vivir en ambientes máis naturais que a **rata común**, que é máis parda e típica das cidades. Ambas posúen unha asombrosa capacidade de procreación e de supervivencia.

Ademais, tamén están citadas dúas especies de ratos: o rato caseiro, ligado a zonas humanizadas, e o rato de campo, unha especie que se nutre de sementes, gromos e invertebrados en case todos os hábitats terrestres do Parque. En Cortegada tamén foi citado o leirón careto.



# O COELLO BRAVO

Os coellos son moi abundantes nos catro arquipélagos do Parque Nacional, mesmo en illas menores como a Onza ou a Malveira Grande. Son animais moi coñecidos, robustos, de grandes orellas e patas curtas, aínda que as traseiras son fortes e lle permiten correr a grande velocidade.

En todas estas illas apenas contan con depredadores terrestres, só gatos e recentemente visóns, aínda que si os capturan azores e miñatos. Ademais están libres da intensa presión cinexética á que son sometidos no resto de Galiza. O hábitat é favorábel, con matogueiras onde procurar refuxio e máis pasteiros e zonas abertas para se alimentar.

Poden verse na beira dos camiños, especialmente nas primeiras horas da mañá e nas últimas da tarde. Algúns anos aféctalles especialmente a peste da mixomatose, coa que fican cegos e lles saen vultos no corpo, morrendo unha grande cantidade de animais.

A súa presenza faise moi evidente polas latrinas de excrementos (boliñas acastañadas), que acumulan en certos lugares (ver páx. 15), así como polos tobos que escavan. Comen numerosas especies de plantas; o seu efecto sobre a vexetación natural é descoñecido, aínda que xa é difícil determinar cal puido ser o seu impacto no momento en que, como se sospeita, foron introducidos nestas illas.




O mamífero máis fácil de observar nestas illas Atlánticas

# MORCEGOS

Os morcegos son mamíferos nocturnos; voan como as aves pero teñen pelo e amamantan ás crías. Relaciónanse co medio que os arrodea a través da emisión de sons non audíbeis para a xente (ultrasóns), mediante un sistema que funciona de forma similar ao sónar dos barcos. Emítenos pola boca; por iso, se chegamos a velos de cerca e teñen a boca aberta, non significa que nos mostren os dentes porque nos queiran morder.

Aínda que faltan prospeccións apropiadas, só dúas especies son habituais no Parque, moi ligadas á presenza humana: os morcegos común e espertello.

O mellor momento para observalos é polo solpor, xa que son especies que inician a súa actividade bastante cedo, sobre todo o morcego común. Un bo lugar para facelo é o miradoiro do Burato do Inferno, en Ons. Ademais, acoden a comer insectos que atraen farolas e luces nocturnas, polo que estes tamén son bos lugares para velos.



O morcego común (B) é mais pequeno (4 cm), ten un voo errático e efectúa frecuentes requebros. O morcego espertello (A) é moito maior (7 cm), ten alas largas que lle proporcionan unha grande manobrabilidade de voo e lle son característicos os curtos planeos e os pequenos picados; adoita cazar a maiores alturas que o común e en áreas máis abertas.

Aliméntanse de insectos voadores, que cazan e comen mentres voan; o espertello captura con frecuencia presas "duras" como escarabellos, xa que ten unha dentadura máis forte que o común. Estes animais hibernan, polo que só será doado os observar entre os meses de abril e outubro. Procuran refuxio principalmente en furnas e construcións humanas, en gretas ou baixo tellas.

Morcego común refuxiado nun ladrillo

# CARNÍVOROS

O único mamífero carnívoro que debeu habitar orixinalmente algunha destas illas é a **lontra**, común en case todos os ríos de Galiza, pero que tamén se adentra en augas mariñas litorais. É un animal grande de pelaxe parda, cun rabo longo moi forte, adaptado á natación e ao mergullo, fundamental para a captura de peixes, a base da súa dieta.

Nas Cíes fica a referencia do lugar denominado Furna das Lontras, ao norte da praia de Figueiras, a cuxa fonte acudían estes animais á noite, segundo testemuñas de persoas que viviron a mediados do século XX nestas illas.

Ligados a asentamentos humanos, os **gatos domésticos** atoparon nestas illas uns lugares libres de carnívoros salvaxes. Algúns establecéronse e reproducíronse en liberdade despois de desaparecer o poboamento humano, tanto nas Cíes como en Sálvora, onde chegaron a ser unha praga.

A súa alimentación parece que está baseada en micromamíferos, tanto roedores como insectívoros, así como paxaros e réptiles.





Recentemente ten feito acto de presenza o **visón americano**, un mamífero exótico e invasor que se vén escapando ou soltando das granxas peleteiras desde a década dos setenta. O mosaico de illas e illotes de Sálvora, próximas a terra, foi a súa primeira conquista, e recentemente teñen aparecido nas Cíes, lugares onde se traballa para controlalos. Son bos nadadores, de corpo alongado e de pelaxe anegrada.



Os visóns fan estragos nas colonias de aves mariñas, aínda que tamén se alimentan de peixes, réptiles e pequenos mamíferos. Como nos casos da lontra e o gato, as súas pegadas, excrementos e restos das súas presas son os indicios máis habituais de presenza, sendo máis difícil observalos. A predación dun visón sobre unha ave coñécese polas mordidas nos canóns das plumas, que quedan aserradas, mentres que unha rapina arrincaríaa as plumas enteiros.

# APÉNDICE

## LISTADO DOS VERTEBRADOS TERRESTRES CITADOS NO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE ILLAS ATLÁNTICAS DE GALIZA

Exclúense peixes, tartarugas mariñas e mamíferos mariños

Indícase a súa catalogación nalgún dos seguintes listados:

**1. No caso de anfibios, réptiles e mamíferos:** Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

**Anexo II:** especies que deben ser obxecto de medidas especiais de conservación do seu hábitat.

**Anexo IV:** especies estritamente protexidas.

**Anexo V:** especies que poden ser obxecto de medidas de xestión.

**Só para o caso das aves:** Directiva 79/409/CEE do Consello, do 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres.

**Anexo I:** especies que deben ser obxecto de medidas de conservación do seu hábitat.

**Anexo II:** especies cazábeis.

**Anexo III:** especies comercializábeis.

**2. Categorías de ameaza en España segundo os correspondentes Atlas e Libros Vermellos** promovidos polo Ministerio de Medio Ambiente (Pleguezuelos et al., 2002; Madroño et al., 2004; Palomo & Gisbert, 2002)

CR= En Perigo Crítico, EN= En Perigo, VU= Vulnerábel, NT= Case ameazado, LC= Preocupación menor, DD= Datos Insuficientes.

**3. Status legal** segundo o Real Decreto 439/90, do 30 de marzo, polo que se regula o **Catálogo Nacional de Especies Amenazadas**, e posteriores modificacións e ampliacións: PE= En Perigo de Extinción, V= Vulnerábel, IE= De Interese Especial.

## ANFIBIOS

Nome científico	Nome galego	Nome castelán	1	2	3
<i>Salamandra salamandra</i>	Salamántiga común	Salamandra común		VU	
<i>Triturus boscai</i>	Tritón común	Tritón ibérico		LC	IE
<i>Discoglossus galganoi</i>	Sapo pinto	Sapillo pintojo ibérico	IV	LC	IE
<i>Bufo bufo</i>	Sapo común	Sapo común		LC	
<i>Rana perezi</i>	Ra verde	Rana verde	V	LC	

## RÉPTILES

Nome científico	Nome galego	Nome castelán	1	2	3
<i>Anguis fragilis</i>	Escáncer común	Lución		LC	IE
<i>Chalcides bedriagai</i>	Escáncer de patas ibérico	Eslizón ibérico	IV	EN	IE
<i>Chalcides striatus</i>	Escáncer de patas común	Eslizón tridáctilo ibérico		DD	IE
<i>Lacerta lepida</i>	Lagarto arnal	Lagarto ocelado		VU	
<i>Podarcis bocagei</i>	Lagartiña común	Lagartija de Bocage		DD	
<i>Podarcis hispanica</i>	Lagartiña dos penedos	Lagartija ibérica		LC	IE
<i>Coronella girondica</i>	Cobra lisa meridional	Culebra lisa meridional		LC	IE
<i>Elaphe scalaris</i>	Cobra de escada	Culebra de escalera		DD	IE
<i>Natrix maura</i>	Cobra viperina	Culebra viperina		LC	IE
<i>Natrix natrix</i>	Cobra de collar	Culebra de collar		LC	IE

## AVES

Nome científico	Nome galego	Nome castelán	1	2	3
<i>Gavia immer</i>	Mobella grande	Colimbo grande	I		IE
<i>Calonectris diomedea</i>	Pardela cincenta	Pardela cenicienta	I	EN/NT	IE
<i>Puffinus griseus</i>	Pardela escura	Pardela sombría			IE
<i>Puffinus puffinus</i>	Furabuchos atlántico	Pardela pichoneta		EN	IE
<i>Puffinus mauretanicus</i>	Pardela balear	Pardela balear	-	CR	PE
<i>Hydrobates pelagicus</i>	Paíño pequeno	Paíño europeo	I	VU	IE
<i>Oceanodroma leucorhoa</i>	Paíño de rabo gallado	Paíño boreal	I		IE
<i>Sula bassana</i>	Mascato	Alcatraz atlántico			IE
<i>Phalacrocorax carbo</i>	Corvo mariño grande	Cormorán grande			IE
<i>Phalacrocorax aristotelis</i>	Corvo mariño cristado	Cormorán moñudo		VU	IE
<i>Egretta garzetta</i>	Garzota	Garceta común	I		IE
<i>Ardea cinerea</i>	Garza cincenta	Garza real			IE
<i>Ciconia nigra</i>	Cegoña negra	Cigüeña negra	I	VU	PE
<i>Ciconia ciconia</i>	Cegoña branca	Cigüeña blanca	I		IE
<i>Platalea leucorodia</i>	Cullereiro	Espátula común	I	VU	IE

<i>Threskiornis aethiopicus</i>	Ibis sagrado	Ibis sagrado			
<i>Phoenicopterus ruber</i>	Flamingo	Flamenco común	I	NT	IE
<i>Anas platyrhynchos</i>	Lavanco	Ánade azulón	II,III		
<i>Anas penelope</i>	Asubiador	Silbón europeo	II,III		
<i>Melanitta nigra</i>	Pentumeiro	Negrón común	II,III		
<i>Pernis apivorus</i>	Miñato abelleiro	Abejero europeo	I		IE
<i>Milvus migrans</i>	Millafre negro	Milano negro	I	NT	IE
<i>Neophron percnopterus</i>	Voitre branco	Alimoche común	I	EN	IE
<i>Circus cyaneus</i>	Gatafornela	Aguilucho pálido	I		IE
<i>Circus aeruginosus</i>	Tartaraña das xunqueiras	A. lagunero occidental	I		IE
<i>Circus pygargus</i>	Tartaraña cincenta	Aguilucho cenizo	I	VU	V
<i>Accipiter gentilis</i>	Azor	Azor			IE
<i>Accipiter nisus</i>	Gabián	Gavilán común			IE
<i>Buteo buteo</i>	Miñato	Busardo ratonero			IE
<i>Pandion haliaetus</i>	Agua pescadora	Águila pescadora	I	CR	IE
<i>Falco tinnunculus</i>	Lagarteiro	Cernícalo vulgar		NT	IE
<i>Falco columbarius</i>	Esmerillón	Esmerejón			IE
<i>Falco subbuteo</i>	Falcón pequeno	Alcotán europeo	I	DD	IE
<i>Falco peregrinus</i>	Falcón peregrino	Halcón peregrino	II,III	DD	
<i>Alectoris rufa</i>	Perdiz	Perdiz roja	II	NT	
<i>Coturnix coturnix</i>	Paspallás	Codorniz común	II		IE
<i>Haematopus ostralegus</i>	Gabita	Ostrero euroasiático	I		IE
<i>Himantopus himantopus</i>	Pernalonga	Cigüeñuela común		VU	IE
<i>Charadrius hiaticula</i>	Píllara real	Chorlitejo grande			IE
<i>Charadrius alexandrinus</i>	Píllara das dunas	Chorlitejo patinegro	I		IE
<i>Charadrius morinellus</i>	Píllara rubia	Chorlito carambolo	I		IE
<i>Pluvialis apricaria</i>	Píllara dourada	Chorlito dorado europeo	II		IE
<i>Pluvialis squatarola</i>	Píllara cincenta	Chorlito gris	II		
<i>Vanellus vanellus</i>	Avefría	Avefría europea	II		IE
<i>Calidris canutus</i>	Pilro gordo	Correlimos gordo			IE
<i>Calidris alba</i>	Pilro tridáctilo	Correlimos tridáctilo			IE
<i>Calidris maritima</i>	Pilro escuro	Correlimos oscuro		EN	IE
<i>Calidris alpina</i>	Pilro común	Correlimos común	II,III		
<i>Gallinago gallinago</i>	Becacina	Agachadiza común	II,III		
<i>Scolopax rusticola</i>	Arcea	Chocha perdiz	II		IE
<i>Limosa limosa</i>	Mazarico rabinegro	Aguja colinegra	II		IE
<i>Limosa lapponica</i>	Mazarico rubio	Aguja colipinta	II	EN	IE
<i>Numenius phaeopus</i>	Mazarico chiador	Zarapito trinador	II	VU	IE
<i>Numenius arquata</i>	Mazarico real	Zarapito real	II		
<i>Tringa totanus</i>	Bilurico patirrubio	Archibebe común	II		IE
<i>Tringa nebularia</i>	Bilurico claro	Archibebe claro	II		IE
<i>Actitis hypoleucos</i>	Bilurico das rochas	Andarríos chico			IE



<i>Arenaria interpres</i>	Virapedras	Vuelvepedras común			IE
<i>Stercorarius pomarinus</i>	Palleira pomarina	Págalo pomarino			IE
<i>Stercorarius parasiticus</i>	Palleira parasita	Págalo parásito			IE
<i>Catharacta skua</i>	Palleira grande	Págalo grande			IE
<i>Larus melanocephalus</i>	Gaivota cabecinegra	Gaviota cabecinegra	I		IE
<i>Larus minutus</i>	Gaivota pequena	Gaviota enana			IE
<i>Larus sabini</i>	Gaivota de Sabine	Gaviota de Sabine			
<i>Larus ridibundus</i>	Gaivota chorona	Gaviota reidora	II		
<i>Larus fuscus</i>	Gaivota escura	Gaviota sombría	II		
<i>Larus argentatus</i>	Gaivota arxénte	Gaviota argénte	II		
<i>Larus michahellis</i>	Gaivota patiamarela	Gaviota patiamarilla			
<i>Larus glaucooides</i>	Gaivota polar	Gaviota groenlandesa			
<i>Larus hyperboreus</i>	Gaivota hiperbórea	Gavión hiperbóreo			
<i>Larus marinus</i>	Gaivotón	Gavión atlántico			IE
<i>Rissa tridactyla</i>	Gaivota tridáctila	Gaviota tridáctila		VU	IE
<i>Thalasseus sandvicensis</i>	Carrán cristado	Charrán patinegro	I	NT	IE
<i>Sterna hirundo</i>	Carrán común	Charrán común	I	NT	IE
<i>Sterna paradisaea</i>	Carrán ártico	Charrán ártico	I		IE
<i>Sterna albifrons</i>	Carrán pequeno	Charrancito común	I	NT	IE
<i>Chlidonias niger</i>	Gaivina negra	Fumarel común	I	EN	IE
<i>Uria aalge</i>	Arao	Arao común	I	CR	IE
<i>Alca torda</i>	Carolo	Alca común			IE
<i>Fratercula arctica</i>	Arao papagaio	Frailcillo atlántico			IE
<i>Columba livia</i>	Pomba das rochas	Paloma bravía	II		
<i>Columba palumbus</i>	Pombo torcaz	Paloma torcaz	II,III		
<i>Streptopelia decaocto</i>	Rula turca	Tórtola turca	II		
<i>Streptopelia turtur</i>	Rula	Tórtola europea	II	VU	
<i>Psittacula krameri</i>	Cotorra de Kramer	Cotorra de Kramer			
<i>Clamator glandarius</i>	Cuco real	Críalo europeo			IE
<i>Cuculus canorus</i>	Cuco	Cuco común			IE
<i>Tyto alba</i>	Curuxa	Lechuza común			IE
<i>Otus scops</i>	Moucho de orellas	Autillo europeo			IE
<i>Athene noctua</i>	Moucho	Mochuelo común			IE
<i>Strix aluco</i>	Avelaiona	Cárabo europeo			IE
<i>Asio otus</i>	Bufo pequeno	Búho chico			IE
<i>Caprimulgus europaeus</i>	Avenoiteira cincenta	Chotacabras gris	I		IE
<i>Apus apus</i>	Cirrio	Vencejo común			IE
<i>Tachymarptis melba</i>	Andoriñón real	Vencejo real			IE
<i>Alcedo atthis</i>	Picapeixe	Martín pescador	I	NT	IE
<i>Upupa epops</i>	Bubela	Abubilla			IE
<i>Jynx torquilla</i>	Peto formigueiro	Torcecuello euroasiático		DD	IE
<i>Picus viridis</i>	Peto verde	Pito real			IE

<i>Dendrocopos major</i>	Peto real	Pico picapinos			IE
<i>Calandrella brachydactyla</i>	Calandriña	Terrera común	I	VU	IE
<i>Lullula arborea</i>	Cotovía pequena	Totovía	I		IE
<i>Alauda arvensis</i>	Laverca	Alondra común			
<i>Hirundo rustica</i>	Andoriña	Golondrina común			IE
<i>Delichon urbica</i>	Andoriña de cu branco	Avión común			IE
<i>Anthus trivialis</i>	Pica das árbores	Bisbita arbóreo			IE
<i>Anthus pratensis</i>	Pica dos prados	Bisbita común			IE
<i>Anthus campestris</i>	Pica campestre	Bisbita campestre	I		IE
<i>Motacilla flava</i>	Lavandeira amarela	Lavandera boyera			IE
<i>Motacilla cinerea</i>	Lavandeira cincenta	Lavandera cascadeña			IE
<i>Motacilla alba</i>	Lavandeira branca	Lavandera blanca			IE
<i>Troglodytes troglodytes</i>	Carriza	Chochín			IE
<i>Prunella modularis</i>	Azulenta	Acentor común			IE
<i>Erithacus rubecula</i>	Paporrubio	Petirrojo			IE
<i>Luscinia megarhynchos</i>	Rousinol	Ruiseñor común			IE
<i>Phoenicurus ochruros</i>	Rabirrubio	Colirrojo tizón			IE
<i>Phoenicurus phoenicurus</i>	Rabirrubio de testa branca	Colirrojo real		VU	IE
<i>Saxicola rubetra</i>	Chasco norteño	Tarabilla norteña			IE
<i>Saxicola torquata</i>	Chasco	Tarabilla común			IE
<i>Oenanthe oenanthe</i>	Pedreiro cincento	Collalba gris			IE
<i>Oenanthe hispanica</i>	Pedreiro rubio	Collalba rubia		NT	IE
<i>Turdus merula</i>	Merlo	Mirlo común	II		
<i>Turdus pilaris</i>	Tordo real	Zorzal real	II		
<i>Turdus philomelos</i>	Tordo común	Zorzal común	II		
<i>Turdus iliacus</i>	Tordo rubio	Zorzal alirrojo	II		
<i>Turdus viscivorus</i>	Tordo charlo	Zorzal charlo	II		
<i>Cettia cetti</i>	Rousinol bravo	Ruiseñor bastardo			IE
<i>Cisticola juncidis</i>	Carriza dos xuncos	Buitrón			IE
<i>Hippolais polyglotta</i>	Folosa amarela	Zarcero común			IE
<i>Sylvia undata</i>	Papuxa do mato	Curruca rabilarga	I		IE
<i>Sylvia melanocephala</i>	Papuxa cabecinegra	Curruca cabecinegra			IE
<i>Sylvia communis</i>	Papuxa común	Curruca zarcera			IE
<i>Sylvia borin</i>	Papuxa picafollas	Curruca mosquitera			IE
<i>Sylvia atricapilla</i>	Papuxa das amoras	Curruca capirotada			IE
<i>Phylloscopus collybita</i>	Picafollas europeo	Mosquitero común			IE
<i>Phylloscopus ibericus</i>	Picafollas ibérico	Mosquitero ibérico			IE
<i>Phylloscopus trochilus</i>	Picafollas musical	Mosquitero musical			IE
<i>Regulus ignicapillus</i>	Estreliña riscada	Reyezuelo listado			IE
<i>Muscicapa striata</i>	Papamoscas cincento	Papamoscas gris			IE
<i>Ficedula hypoleuca</i>	Papamoscas negro	Papamoscas cerrojillo			IE
<i>Aegithalos caudatus</i>	Ferreiriño rabilongo	Mito			IE

<i>Parus cristatus</i>	Ferreiriño cristado	Herrerillo capuchino			IE
<i>Parus ater</i>	Ferreiriño negro	Carbonero garrapinos			IE
<i>Parus caeruleus</i>	Ferreiriño azul	Herrerillo común			IE
<i>Parus major</i>	Ferreiriño real	Carbonero común			IE
<i>Certhia brachydactyla</i>	Gabeador	Agateador común			IE
<i>Oriolus oriolus</i>	Ouriolo	Oropéndola			IE
<i>Lanius senator</i>	Picanzo cabecirrubio	Alcaudón común		NT	IE
<i>Garrulus glandarius</i>	Gaio	Arrendajo			
<i>Pica pica</i>	Pega	Urraca			
<i>Pyrhhorcorax pyrrhorcorax</i>	Choia	Chova piquirroja	I	NT	IE
<i>Corvus monedula</i>	Gralla pequena	Grajilla			
<i>Corvus corone</i>	Corvo pequeno	Corneja			
<i>Corvus corax</i>	Corvo grande	Cuervo			
<i>Sturnus vulgaris</i>	Estorniño pinto	Estornino pinto			
<i>Sturnus unicolor</i>	Estorniño negro	Estornino negro			
<i>Acridotheres tristis</i>	-	Miná común			
<i>Passer domesticus</i>	Pardal	Gorrión común			
<i>Passer montanus</i>	Pardal montés	Gorrión molinero			
<i>Fringilla coelebs</i>	Pimpín	Pinzón vulgar			
<i>Serinus serinus</i>	Xirín	Verdecillo			
<i>Carduleis chloris</i>	Verderolo	Verderón común			
<i>Carduelis carduelis</i>	Xílgaro	Jilguero			
<i>Carduelis spinus</i>	Úbalo	Lúgano			
<i>Carduelis cannabina</i>	Liñaceiro	Pardillo común			
<i>Loxia curvirostra</i>	Cruzabico	Piquituerto común			IE
<i>Bucanetes githagineus</i>	Trompeteiro	Camachuelo trompetero	I	NT	IE
<i>Pyrrhula pyrrhula</i>	Cardeal	Camachuelo común			IE
<i>Emberiza cirulus</i>	Escribenta común	Escribano soteño			IE
<i>Emberiza cia</i>	Escribenta riscada	Escribano montesino			IE

## MAMÍFEROS

Nome científico	Nome galego	Nome castelán	1	2	3
<i>Erinaceus europaeus</i>	Ourizo cacho	Erizo común	IV	DD	
<i>Talpa occidentalis</i>	Toupa cega	Topo común		DD	
<i>Crocidura russula</i>	Furaño común	Musaraña común		LC	
<i>P. pipistrellus / mediterraneus</i>	Morcego común	Murciélago común	IV		IE
<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>	M. grande de ferradura	M. grande de herradura	II, IV		VU
<i>Eptesicus serotinus</i>	Morcego espartello	Murciélago hortelano	IV		
<i>Vulpes vulpes</i>	Raposo	Zorro		LC	
<i>Mustela vison</i>	Visón americano	Visón americano			
<i>Lutra lutra</i>	Lontra	Nutria	II, IV	NT	IE
<i>Sus scrofa</i>	Porco bravo	Jabalí		LC	
<i>Cervus elaphus</i>	Cervo	Ciervo rojo		VU	
<i>Apodemus sylvaticus</i>	Rato do campo	Ratón de campo		LC	
<i>Rattus rattus</i>	Rata cincenta	Rata negra		DD	
<i>Rattus norvegicus</i>	Rata común	Rata común			
<i>Mus domesticus</i>	Rato caseiro	Ratón casero		LC	
<i>Elyomys quercinus</i>	Leirón careto	Lirón careto		LC	
<i>Oryctolagus cuniculus</i>	Coello bravo	Conejo		LC	



# GLOSARIO

**Abruñeiro:** *Prunus spinosa*, arbusto espiñento de pequenas follas, flores brancas e froito azulado, co que se elabora o pacharán. É o antergo das ameixeiras.

**Cerquiño ou rebolo:** *Quercus pyrenaica*, árbore semellante ao carballo, aínda que propia de climas máis secos ou fríos que este, coas follas máis fendidas e con peliños no envés.

**Cleptoparasitismo:** actividade de roubo do alimento dun animal sobre outro; pirateo.

**Clima submediterráneo:** clasificación climática propia das zonas de clima temperado con seca estival, xeralmente próximas a áreas de clima mediterráneo.

**Coídos:** acumulación de coios, rochas arredondadas pola acción erosiva do mar.

**Comunidade:** en ecoloxía, conxunto de especies dun grupo determinado que habitan un espazo xeográfico (p.ex., comunidades de anfibios, de aves das matogueiras, de morcegos...).

**Coroa:** nas aves, a parte máis alta da cabeza, situada por riba dos ollos, entre a fronte e o cocote.

**Dentarios:** relativos aos dentes

**Endemismo:** ser vivo exclusivo dunha área xeográfica restrinxida, fóra da cal non aparece de forma natural. Xeralmente ten relación con condicións ecolóxicas específicas ou coa presenza de barreiras físicas no territorio.

**Especie exótica:** aquela introducida fóra da súa área de distribución natural a raíz das actividades humanas, tanto intencionada como non intencionadamente.

**Especie invasora:** aquela que se constitúe en axente de cambio que ameaza a diversidade biolóxica orixinal.

**Estuarina:** propia do estuario, espazo con influencia mareal na desembocadura dos ríos e que conta con auga salobre, mestura de augas doces e salgadas.

**Hibernar:** proceso polo que un animal ralentiza o seu ritmo metabólico para pasar a estación desfavorábel; letargo.

**Inmaturo:** exemplar animal xa desenvolvido e independizado, pero que aínda non posúe capacidade reprodutora.

**Invernar:** pasar nun espazo determinado a época do ano desfavorábel, outono e inverno.

**Maërl:** fondos mariños mixtos formados por cascallos ou restos de cunchas e por unha pequena alga vermella calcaria de aspecto arborescente, *Lithothamnion calcareum*.

**Melanismo:** pigmentación negra da pel, do pelo, da pluma ou das escamas, debido a unha anormal presenza de melanina.

**Metamorfose:** proceso de cambio da morfoloxía que experimentan algúns animais.

**Microhábitat:** ambiente reducido e diferenciado dentro dun hábitat, onde desenvolven a súa actividade certas especies.

**Nidificar:** reproducirse, criar. Termo usado para o grupo das aves, que habitualmente constrúen niños.

**Paseriformes:** orde das aves que agrupa aos verdadeiros paxaros e que se caracteriza por ter patas con tres dedos cara a adiante e un cara a atrás.

**Plumaxe nupcial:** nas aves, a plumaxe que locen na época do celo e emparellamento, normalmente a finais do inverno e da primavera.

**Poboación:** en ecoloxía, conxunto de individuos dunha mesma especie entre os que se establece algún tipo de relación.

**Rabadilla:** nas aves, a parte superior que se encontra entre a cola e o dorso.

**Rexión eurosiberiana:** rexión bioxeográfica que abrangue a maior parte de Europa, agás certas zonas das franxas mediterránea e ártica, así como a zona noroeste de Asia.

**Rochas metamórficas:** rochas que foron sometidas a certas transformacións na súa estrutura e na súa composición mineral e química.


**Subespecie ou raza:** división taxonómica de rango inferior á especie, que normalmente se orixina en hábitats ou áreas xeográficas diferenciadas.

**Taxón:** unidade sistemática relativa a especies e subespecies.

**Tundra:** ecosistema herbáceo ou de matogueira, frecuentemente enchoupado, propio das zonas árticas.

**Vertebrados:** clase de animais caracterizada pola existencia de columna vertebral e de medula espiñal. Agrupa a peixes, anfibios, réptiles, aves e mamíferos.

## Partes dunha ave



## Para saber más

---

Arcea. 2001. **Plan de Ordenación dos Recursos Naturais da Illa de Cortegada**. Consellería de Medio Ambiente. Xunta de Galicia. Informe inédito. Disponíbel en <http://medioambiente.xunta.es/>

Barbadillo, L.J.; Lacomba, J.I.; Pérez-Mellado, V.; Sancho, V. & López-Jurado, L.F. 1999. **Anfibios y reptiles de la Península Ibérica, Baleares y Canarias**. GeoPlaneta. Barcelona.

De Juana, E. & Varela, J. 2000. **Guía de las aves de España. Península, Baleares y Canarias**. Lynx Edicions. Barcelona.

Domínguez, J.; Tapia, L.E.; Martín, G.; Arenas, M.; Quintero, I.; Rego, L.E.; Vidal, M.J. 2003. **Atlas de las aves nidificantes de los archipiélagos de Cíes y Ons (Parque Nacional de las Islas Atlánticas)**. Organismo Autónomo Parques Nacionales, Serie técnica. Madrid.

Galán, P. 2003. **Anfibios y reptiles del Parque Nacional de las islas Atlánticas de Galicia. Faunística, biología y conservación**. Organismo Autónomo Parques Nacionales, Serie técnica. Madrid.

Galán, P. & Fernández-Arias, G. 1993. **Anfibios e réptiles de Galicia**. Edicións Xerais, Vigo.

Martí, R. & Del Moral, J.C. (eds.) 2003. **Atlas de las aves reproductoras de España**. Dirección General de Conservación de la Naturaleza-SEO/BirdLife. Madrid.

Mouriño, J.; Otero, X.L.; Sierra-Abraín, F. & Alonso, P. 2002. **Guía das Illas Cíes**. Concello de Vigo. Vigo. (edicións en galego, castelán, francés e inglés).

Mullarney, K.; Svensson, L.; Zetterström, D. & Grant, P.J. 2001. **Guía de aves. La guía de campo de aves de España y de Europa más completa**. Ed. Omega, Barcelona.

Palomo, L.J. & Gisbert, J. 2002. **Atlas de los Mamíferos Terrestres de España**. Dirección General de Conservación de la Naturaleza-SECEM-SECEMU, Madrid.

Pleguezuelos, J.M.; Márquez, R. & Lizana M. (eds.) 2002. **Atlas y Libro Rojo de los Anfibios y Reptiles de España**. Dirección General de Conservación de la Naturaleza-Asociación Herpetológica Española, Madrid.

Purroy, F.J. & Varela, J. 2003. **Guía de los mamíferos de España. Península, Baleares y Canarias**. Lynx Edicions. Barcelona.

Vilas, A.; Gamallo, B.; Framil, J.; Bonache, J.; Sanz, K.; Lois, M. & Toubes, M. 2005. **Guía de visita. Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia**. Organismo Autónomo Parques Nacionales. Madrid. (ediciones en gallego y castellano).



## Normativa do Parque Nacional

---

- Nas illas hai poucos ou non hai contenedores, polo seu impacto visual e polos problemas ambientais que se derivan do transporte e almacenamento de residuos. Colabora levando o teu lixo ao porto de orixe.
- Só se permite acampar ou vivaquear no cámping ou na zona de acampada.
- As cabichas dos cigarros constitúen un residuo especialmente difícil de retirar en praias e camiños. Apágaas ben e levaas.
- Para prever os incendios non está permitido facer lume.
- Non se permite arrincar plantas nin ningunha das súas partes.
- Está prohibido introducir animais (agás cans de cego) pois poden interferir con especies nativas.
- Non esta permitido emitir ruídos que alteren a tranquilidade natural do lugar, molesta a outros visitantes e á fauna das illas.
- Circular fóra dos camiños principais provoca o pisoteo de plantas e o deterioro da vexetación; cando se abren atallos aumenta a erosión.
- A fauna non pode ser molestada nin se lle debe dar de comer, xa que pode causar doenzas e mudar os seus costumes de alimentación. Tampouco se poden arrincar os seres vivos das rochas como mexillóns e lapas, nin está permitido levar as cunchas das praias.
- As augas do Parque actúan como un dos poucos refuxios de vida mariña. A pesca deportiva está prohibida.
- Para fondear e practicar submarinismo cómpre a autorización do Parque Nacional.
- O baño no Lago das Cíes está prohibido pois nas súas augas tranquilas e pouco fondas crían moitas especies mariñas.
- Existen zonas de reserva ás que non se pode acceder, como os acantilados ou as dunas, ben porque albergan importantes colonias de cría de aves, ou pola fragilidade da súa flora, entre outros motivos.

Máis información en: [www.mma.es/parque/lared/islas\\_atlan/index.htm](http://www.mma.es/parque/lared/islas_atlan/index.htm)  
e-mail información: [iatlanticas@oapn.mma.es](mailto:iatlanticas@oapn.mma.es)

## Agradecementos:

A Titín, Pipo, Marta, Cris, Mili, Sés, Viki, Nena e Kenny, máis a Suso e Jorge da oficina do Parque Nacional, polos seus comentarios en relación á Guía. E a Ricardo das Cíes, Luís e Carmela de Ons e a Pepe e Julio de Sálvora, polas súas comunicacións faunísticas e a súa acollida nas illas.

